

ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

AUD.PROVINCIAL SECCION N. 4 PONTEVEDRA

SENTENCIA: 00014/2021

—

ROSALIA DE CASTRO, N° 5 - PALACIO DE JUSTICIA

Teléfono: 986805137/36/38/39

Correo electrónico:

Equipo/usuario: MP

Modelo: N85850

N.I.G.: 36057 43 2 2016 0009465

PA PROCEDIMIENTO ABREVIADO 0000032 /2019

Delito: TRÁFICO DE DROGAS GRAVE DAÑO A LA SALUD

Denunciante/querellante: MINISTERIO FISCAL

Procurador/a: D/D^a

Abogado/a: D/D^a

Contra:

Procurador/a: D/D^a ANDREA ESTEVEZ SANTORO, MARIA CRENDE RIVAS , MARIA ELENA SALGADO TEJIDO ,
PATRICIA CABIDO VALLADAR , ANA MARIA FERNANDEZ NUÑEZ , FRANCISCO JAVIER GARCIA-CONSUEGRA
CARRON , MARIA LIMA DURAN

Abogado/a: D/D^a PATRICIA PIÑEIRO VAZQUEZ, JOSE JAVIER VASALLO RAPELA , JAVIER VASALLO RAPELA , JAVIER VASALLO RAPELA , CARLOS DIEZ ORDEJON , ALBERTO SAN ROMAN CRESPO , FERNANDO PEREZ FERNANDEZ

MAXISTRADAS/O:

Dona Nélida Cid Guede (presidenta)

Dona Cristina Navares Villar

Don Miguel Aramburu García-Pintos

SENTENZA NÚM. 14/2021

En Pontevedra a 27 de abril de 2021

Vistos pola Sección Cuarta da Audiencia Provincial de Pontevedra, composta polos maxistrados que se fixo constar, os autos de procedemento abreviado levados nesta sección co número 32 de 2019, nos cales foron partes:

- 1) Como acusado, don **Jorge** [REDACTED], nado o día 12 de xullo de 1980 en [REDACTED], con DNI número [REDACTED] representado

pola procuradora dona María Elena Salgado Tejido e defendido polo avogado don Javier Vasallo Rapela.

- 2) Como acusada, dona **Sofía** [REDACTED], nada na Guarda o día 27 de maio de 1989, filla de [REDACTED], con DNI número [REDACTED] representada pola procuradora dona Patricia Cabido Valladar e defendida polo avogado don Javier Vasallo Rapela.
- 3) Como acusado, don **Hermán** [REDACTED], nado en Vigo o día 27 de novembro de 1988, fillo de [REDACTED], con DNI número [REDACTED] representado pola procuradora dona Ana María Fernández Núñez e defendido polo avogado don Carlos Díez Ordejón.
- 4) Como acusado, don **Miguel** [REDACTED], nado en Mos o día 1 de setembro de 1988, fillo de [REDACTED], con DNI número [REDACTED] representado polo procurador don Francisco Javier García-Consuegra Carrón e defendido polo avogado don Alberto San Román Crespo.
- 5) Como acusada, dona **Lorena** [REDACTED], nada na Guarda o día 6 de xullo de 1991, filla de [REDACTED], con DNI número [REDACTED], representada pola procuradora dona María Lima Durán e defendida polo avogado don Fernando Pérez Fernández.
- 6) Como acusado, don **Miguel** [REDACTED], nado en Tomiño o día 17 de xaneiro de 1973, fillo de [REDACTED], con DNI número [REDACTED] representado pola procuradora dona Andrea Estévez Santoro e defendido pola avogada dona Patricia Piñeiro Vázquez.
- 7) Como acusado, don **José Manuel** [REDACTED], nado en Pontevedra o día 24 de xaneiro de 1973, fillo de [REDACTED], con DNI número [REDACTED] representado pola procuradora dona María Crende Rivas e defendido polo avogado don Manuel Carpintero Álvarez.

8) O Ministerio Fiscal, que interveu sostendo a acusación.

ANTECEDENTES DE FEITO

1. O Xulgado de Instrución número 2 de Tui incoou as dilixencias previas 213/2016, nas cales, tras a práctica das dilixencias de instrución que se estimaron necesarias, se ditou un auto de continuación do procedemento.
2. O Ministerio Fiscal formulou unha acusación contra as seguintes persoas e solicitou as penas que se indican pola comisión dos seguintes delitos:
 - A. Jorge [REDACTED] e Sofía [REDACTED], como autores dun delito de tráfico de drogas das que causan grave dano á saúde dos artigos 368, 374 e 377 do Código penal, dun delito de integración en grupo criminal do artigo 570 ter.1.b do Código penal e dun delito de tenza de armas prohibidas do artigo 563 do Código penal en concurso cun delito de tenza ilícita de armas do artigo 564.1.1 do Código penal; solicita a imposición ao primeiro das seguintes penas: 6 anos de prisión, accesoria, e multa de 3000 euros polo delito contra a saúde pública, 1 ano de prisión polo delito de integración en grupo criminal e 3 anos de prisión polo delito de tenza ilícita de armas; respecto da segunda, 5 anos de prisión, accesoria e multa de 3000 euros polo delito contra a saúde pública, 1 ano de prisión polo delito de integración en grupo criminal e 3 anos de prisión polo delito de tenza ilícita de armas.
 - B. Respecto de Hermán [REDACTED], como autor dun delito de tráfico de drogas na modalidade de substancias que causan grave dano á saúde dos artigos 368, 374 e 377 do Código penal, a pena de 4 anos e 6 meses de prisión, accesoria e multa de 3000 euros, e, como autor dun delito de integración en grupo criminal do artigo 570 ter.1.b do Código penal, a pena de 1 ano de prisión e accesoria.

- C. Respecto de Lorena [REDACTED], como autora dun delito de tráfico de drogas na modalidade de substancias que causan grave dano á saúde dos artigos 368, 374 e 377 do Código penal, a pena de 3 anos e 6 meses de prisión, accesoria e multa de 3000 euros, e, como autora dun delito de integración en grupo criminal do artigo 570 ter.1.b do Código penal, a pena de 1 ano de prisión e accesoria.
- D. Acusou a Miguel [REDACTED] como autor dun delito de tráfico de drogas das que causan grave dano á saúde dos artigos 368, 374 e 377 do Código penal, dun delito de integración en grupo criminal do artigo 570 ter.1.b do Código penal e dun delito de tenza de armas prohibidas do artigo 563 do Código penal; e solicitou as penas de 8 anos de prisión, accesoria e multa de 300 000 euros polo primeiro delito, 1 ano de prisión polo segundo e 3 anos de prisión polo delito do artigo 563 do Código penal.
- E. Respecto de Miguel [REDACTED], como autor dun delito de tráfico de drogas das que causan grave dano á saúde dos artigos 368, 374 e 377 do Código penal, a pena de 5 anos de prisión e multa de 9000 euros.
- F. A José Manuel [REDACTED], como autor dun delito de tráfico de drogas das que causan grave dano á saúde dos artigos 368, 374 e 377 do Código penal, dun delito de tenza de armas prohibidas do artigo 564.1.º do Código penal e dun delito de atentado do artigo 550.1 do Código penal, as seguintes penas: 9 anos de prisión e multa de 1 000 000 de euros polo primeiro delito, 2 anos de prisión e accesoria polo delito de tenza ilícita de armas e 4 anos de prisión e multa de 6 meses cunha cota de 12 euros/día polo delito de atentado.
3. Aberto o xuízo oral, as representacións dos acusados presentaron os seus escritos de conclusións provisionais polos que solicitaban a libre absolución.
4. Unha vez recibidas as actuacións nesta audiencia, o xuízo comezou o día 13 de xaneiro de 2020 e tivo lugar unha nova vista o día 13 de febreiro de 2020, na cal as partes alegaron unha serie de cuestións previas que foron resolvidas por un auto

ditado o día 13 de marzo de 2020, día en que se acordou a suspensión da vista; as sesións para a práctica da proba continuaron a partir do día 2 de outubro e prolongáronse ata o día 13 de outubro de 2020, data en que quedaron os autos vistos para sentenza.

5. Practicouse proba de declaración dos acusados; testemuñal dos gardas civís con tarxetas de identificación persoal [REDACTED]
[REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED]
[REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED]
[REDACTED], dos funcionarios do Servizo de Vixilancia Aduaneira
[REDACTED], e de [REDACTED], [REDACTED]
[REDACTED], [REDACTED], [REDACTED], [REDACTED]
[REDACTED], [REDACTED]; pericial da xefa do Servizo de
Sanidade Exterior, dos gardas civís [REDACTED], [REDACTED] [REDACTED]
[REDACTED] e de [REDACTED]
[REDACTED] (médica psiquiatra); e proba documental.
6. O Ministerio Fiscal presentou un escrito, que se uniu ás actuacións, coas conclusións definitivas.
7. As defensas mudaron en definitivas as súas conclusións provisionais.

FEITOS PROBADOS

8. Jorge [REDACTED], con antecedentes penais que logo se dirán, Sofía [REDACTED] e Hermán [REDACTED], todos eles maiores de idade, entre os meses de abril e outubro de 2016, dedicábanse, conxuntamente, ao tráfico de substancias estupefacientes de xeito coordinado entre eles, de forma que Jorge [REDACTED] adquiría doutras persoas a droga que entre os tres distribuían, sendo Jorge [REDACTED] quen exercía funcións de dirección, xa que el recibía, principalmente, as

chamadas dos compradores e organizaba as entregas, e, ademais, era quen obtiña a droga que logo distribuían.

9. Hermán [REDACTED] entregaba droga a diferentes persoas seguindo as indicacións que recibía de Jorge [REDACTED] e de Sofía [REDACTED] en relación cos momentos e lugares en que debía realizar as entregas, e empregaba para os desprazamentos un ciclomotor Piaggio ZIP con matrícula [REDACTED], que lle facilitaban os anteriores; e, nun momento determinado, a finais de xullo de 2016, Sofía [REDACTED] e Jorge [REDACTED] unicamente lle subministraban droga que el vendía.
10. Lorena [REDACTED] maior de idade, era parella de Hermán [REDACTED] e convivía con el, e, ás veces, atendía as chamadas telefónicas que recibía este para lle solicitaren droga terceiros, e tamén os encargos que recibía Hermán de Sofía [REDACTED] e Jorge [REDACTED]
11. Miguel [REDACTED], maior de idade, era provedor de droga das persoas anteriormente indicadas, e concertaba as entregas con Jorge [REDACTED] a través de chamadas telefónicas con este.
12. Miguel [REDACTED] subministraba drogas a Miguel [REDACTED], maior de idade, drogas que este distribuía pola súa conta.
13. Pola súa banda, Miguel [REDACTED] adquiría a droga que logo distribuía de José Manuel [REDACTED] maior de idade, e cos antecedentes penais que logo se dirán.
14. O día 26 de outubro de 2016 efectuouse, con autorización xudicial, unha entrada e rexistro no domicilio de Sofía [REDACTED] e Jorge [REDACTED] sito no lugar da [REDACTED] do concello de Oia, onde se atoparon recortes de plástico e os seguintes obxectos: 1) un ordenador portátil marca MacBook Pro con número de serie [REDACTED]) un ordenador portátil marca Samsung con número de

serie [REDACTED]; 3) unha tableta Samsung con número de serie [REDACTED], con [REDACTED]; 4) un iPad modelo A1432, serie [REDACTED] 5) unha cámara Samsung; 6) un teléfono móbil marca Bic Phone, con [REDACTED]; 7) un teléfono móbil sen marca; 8) un teléfono iPhone [REDACTED] modelo A1524; 9) un iPhone 5, modelo A1387; 10) un teléfono móbil Samsung, con [REDACTED]; 11) unha axenda amarela con inscricións manuscritas; 12) 27 105 euros en efectivo; 13) unha cartilla da Caixa Geral de Depósitos, número de conta [REDACTED], banco xestor [REDACTED] de Vila Nova de Cerveira; 14) 290 libras esterlinas; 15) dúas memorias USB; 16) diversidade de recortes de bolsas de plástico; e 17) unha báscula Tanita.

15. No momento de presentarse a comisión xudicial no lugar, Sofía [REDACTED] e Jorge [REDACTED], desde o interior da vivenda, tiraron ao exterior unha pistola marca [REDACTED] modelo RG230, do calibre .22, transformada para disparar, en perfecto estado de funcionamento.

16. Ademais, tamén tiraron desde o interior da vivenda un bote de vidro que tiña no seu interior seis bolsas cun total de 2,256 gramos de cocaína cun 68,29% de pureza; unha bolsa con 0,24 gramos de cocaína cunha pureza do 55,47%; unha bolsa con 16,117 gramos de cocaína cunha pureza do 71,03%; outra con 6,124 gramos de cocaína cunha pureza do 65,08% e 0,345 gramos de cocaína cunha pureza do 36,04%; e unha caixa de metal que contiña no seu interior tres bolsas con 1,716 gramos de cocaína cunha pureza do 68,64%. Esta droga tiña un valor no mercado de 2661,04 euros. Estas substancias foron atopadas o día 7 de marzo de 2017 no predio lindeiro, onde caeron cando foron guindadas.

17. Sofía [REDACTED] e Jorge [REDACTED] tiñan esta droga para distribuíla a terceiros.

18. Ademais, no interior dun garaxe anexo á vivenda atopouse un revólver marca Astra, calibre 22 milímetros, en perfecto estado de funcionamento, así como munición metálica do calibre 7,62 e catro caixas de munición do calibre 22.

19. Sofía [REDACTED] e Jorge [REDACTED] carecían de licenza de armas.
20. Tamén se rexistrou, con autorización xudicial, o domicilio de Jorge [REDACTED] e Sofía [REDACTED] sito no número [REDACTED], da parroquia de [REDACTED], no concello de Tomiño, onde se encontraron unha máquina de envasado ao baleiro e bolsas para tal fin e un paquete con 0,211 miligramos de cocaína cunha pureza do 68,16%, cun valor no mercado de 21,05 euros. Ademais, atopáronse dous teléfonos móbiles: un Sony Xperia con [REDACTED] e un Samsung con [REDACTED].
21. O día 26 de outubro de 2016 realizouse, autorizada xudicialmente, unha entrada e rexistro no domicilio de Hermán [REDACTED] e de Lorena [REDACTED], sito no número [REDACTED] Tomiño, onde, entre outros obxectos, se atoparon os seguintes: 1) unha báscula de precisión marca MYCO; 2) un teléfono móbil Alcatel con [REDACTED]; 3) un teléfono móbil LG, sen batería nin tarxeta, con [REDACTED]; 4) un teléfono móbil, sen tarxeta SIM, con [REDACTED] e [REDACTED] 5) un teléfono móbil marca Sharp, sen tarxeta nin batería, con [REDACTED]; 6) un teléfono-reloxo Smart Watch; e 8) numerosas bolsas de plástico transparente de pequeno tamaño.
22. O día 26 de outubro de 2016, con autorización xudicial, rexistrouse o domicilio de Miguel [REDACTED] sito na [REDACTED] no cal se encontraron: 1) tres tacos con billetes envasados e plastificados, dous dos cales contiñan 10 000 euros e un terceiro 10 010 euros, e 105 euros en billetes de cinco; 2) tres botes baleiros de manitol, un dos cales deu positivo a cocaína; 3) dous restos de embalaxe de plástico tipo filme, látex con forma de ladrillo, que deron positivo a cocaína tras a aplicación dun reactivo; 4) dúas culleres, un CD e un bote de plástico que tiñan unha substancia branca e que deron positivo a cocaína tras a aplicación dun reactivo.

23. Ademais, atopáronse, neste rexistro, os seguintes obxectos: 1) unha pistola marca Reck, do calibre 8 mm, transformada para disparar munición metálica de proxectil único do calibre 6,35 mm, á cal se lle eliminara o deflector introducindo un tubo de aceiro recamarado para empregar a devandita munición metálica; 2) un revólver marca ME, modelo 38 Compact, do calibre 9 mm e número de identificación 002229; 3) unha pistola semiautomática marca SM, modelo 15, do calibre 8 mm Knall, con número de identificación 148056.

24. Ese mesmo día, 26 de outubro de 2016, practicouse, por orde xudicial, unha entrada e rexistro no domicilio de Miguel [REDACTED] sito no número 1 [REDACTED] en Tomiño, onde se atoparon os seguintes obxectos e substancias: 1) unha bolsa con 216,5 gramos de fenacetina, lidocaína e ácido bórico; 2) unha maleta prateada con cinco bolsas cun peso, respectivamente, de 996,3, 995,9, 997,5, 996,1 e 997,3 gramos de fenacetina, lidocaína e ácido bórico; 3) un paquete de plástico de cor negra que contiña 199,9 gramos de cocaína cunha pureza do 72.2% e cun valor no mercado de 55 551,28 euros; 4) un paquete de plástico que contiña 999,1 gramos de cocaína cunha pureza do 58,52% e cun valor no mercado de 96 685,404 euros; 5) un paquete de plástico que contiña 341,4 gramos de heroína cunha pureza do 58,52% e cun valor no mercado de 36 896,193 euros. Miguel [REDACTED] posuía a cocaína e a heroína para distribuíla a terceiros.

25. Ademais, no rexistro atopáronse, entre outros, os seguintes obxectos: 1) unha prensa hidráulica composta por tres pezas; 2) unha prensa hidráulica de cor vermella; 3) unha máquina de envasado; 4) un muíño da marca Moulinex, empregado para manipular estupefacientes; 4) un rolete de madeira con cinta adhesiva; 5) dúas básculas de precisión; 6) un bidón plástico de dous litros de capacidade que contiña acetona, da marca Dimar; 7) unha tarxeta SIM da operadora R con número [REDACTED] un teléfono marca Samsung, con número de IMEI [REDACTED] e 9) gran cantidade de envoltorios de plástico.

26. Ademais, encontrouse un bolígrafo-pistola do calibre .22 L.R. (Long Rifle) e 16 proxectís dese calibre.
27. Miguel [REDACTED] carecía de licenza de armas.
28. Por orde xudicial, o día 26 de outubro de 2016 rexistrouse o domicilio de Miguel [REDACTED] localizado no [REDACTED], Mos, onde se encontraron dúas bolsas de plástico que contiñan 55,5 gramos de cocaína cunha pureza do 46,18% e cun valor de venda de 3757,94 euros.
29. No vehículo de Miguel [REDACTED] un Peugeot 307 con matrícula [REDACTED] atopáronse dous feixes de cartos cun total de 1815 euros e tres envoltorios que contiñan un total de 2,905 gramos de cocaína cunha pureza do 45,97% e cun valor no mercado de 195,77 euros.
30. Miguel [REDACTED] tiña a referida cocaína para transmitila a terceiros.
31. O día 26 de outubro de 2016 realizouse, por orde xudicial, a entrada e rexistro no domicilio de José Manuel [REDACTED], sito no lugar de [REDACTED], número [REDACTED], en Oia.
32. No interior da vivenda situada neste lugar atopáronse, entre outros, os seguintes obxectos: 1) 1900 euros na cociña, 4000 euros no salón-comedor, catro feixes de billetes que contiñan dous deles 3000 euros e 5000 euros cada un dos outros dous, e 40 euros; 2) un teléfono da marca Samsung con número de IMEI [REDACTED], un teléfono móbil LG, con número de IMEI [REDACTED], un teléfono móbil da marca Alcatel Touch con número de [REDACTED] e unha tarxeta SIM da operadora Movistar con número de soporte [REDACTED] 3) dous envoltorios con 0,604 gramos de cocaína cunha pureza do 68,6% e 0,878 gramos; 4) catro paquetes que contiñan, respectivamente, 996,5 gramos de cocaína cunha pureza do 66,69% e un valor de venda de 97 441,93 euros; 1002,7 gramos de cocaína cunha pureza do 71,6% e un valor no

mercado ilícito de 105 266,95 euros; 1003 gramos de cocaína cunha pureza do 70,38% e un valor no mercado de 103 504,22 euros e 999,3 gramos de cocaína cunha pureza do 70,06% e un valor no mercado de 102 653,51 euros. Ademais, atopáronse unha máquina de envasado ao baleiro e un ordenador Toshiba, modelo Satellite A300-1136, e número de serie [REDACTED].

33. Nun garaxe, propiedade de José Manuel [REDACTED] e empregado por el, situado fóra do recinto da vivenda, encontráronse: tres bolsas de plástico que contiñan 299,7 gramos de cocaína cunha pureza do 69,25% e cun valor no mercado de 30 430,84 euros, e unha bolsa de plástico que contiña 0,476 gramos de cocaína cunha pureza do 66,1% e cun valor no mercado de 46,09 euros.
34. A cocaína que tiña o señor [REDACTED] estaba destinada a ser transmitida a terceiros.
35. Durante o rexistro desta vivenda, antes de que se atopasen as substancias indicadas e en presenza da comisión xudicial e da letrada da Administración de xustiza do Xulgado de Instrución número 3 do Porriño, así como dos axentes da Garda Civil que estaban realizando o rexistro acordado polo xuíz do Xulgado de Instrución número 2 de Tui, e para evitar que se levase a cabo o rexistro, cando se atopaba o señor [REDACTED] xunto coa comisión xudicial no dormitorio principal da vivenda, colleu unha escopeta que tiña agochada e apuntou con ela aos presentes ao tempo que lles dicía “E agora que?”, “Saíde para fóra!”, “Querédesme foder, vouvos coser a tiros!”. Os axentes presentes conseguiron agarrar a escopeta e detelo, polo que se interrompeu o rexistro, que continuou cando chegou o avogado designado para asistir o señor [REDACTED]
36. A escopeta era da marca Grulla, do calibre 12, con número de identificación 9529.
37. Ademais, neste rexistro atopáronse os seguintes obxectos: un revólver marca Smith & Wesson, modelo 36, do calibre .38 Special, con número de identificación [REDACTED] cartuchos do calibre 12 e 96 cartuchos do calibre .38 Special.

38. José Manuel [REDACTED] carecía de licenza de armas.
39. Jorge [REDACTED] foi condenado por unha sentenza firme do día 20 de xaneiro de 2015 da Sección Cuarta da Audiencia Provincial de Pontevedra, como autor dun delito de tráfico de drogas, coa pena de 2 anos de prisión, pena cuxa execución foi suspendida durante 3 anos por un auto ditado o día 24 de febreiro de 2015.
40. José Manuel [REDACTED] fora condenado, como autor dun delito de tráfico de drogas, coa pena de 1 ano e 6 meses de prisión por unha sentenza ditada o día 2 de outubro de 2012 pola Sección Segunda da Audiencia Provincial de Pontevedra, sentenza firme nesa data. Esta pena remitiuse o día 24 de febreiro de 2015.
41. Miguel [REDACTED] era no momento dos feitos consumidor de cocaína, o que limitaba levemente as súas capacidades.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Cuestións previas

Sobre a cadea de custodia

42. As partes alegaron a rotura da cadea de custodia da droga e das armas que foron obxecto de intervención nas distintas entradas e rexistros acordados.
43. O Tribunal Supremo, na Sentenza 745/2015, do 19 de novembro (ROJ: STS 5087/2015 - ECLI:ES:TS:2015:5087), en relatorio do Excmo. Sr. Jorge Barreiro, sinalou o seguinte:

SEXTO: [...] Centrado en tales términos el motivo de impugnación, conviene anticipar que la doctrina viene entendiendo como "cadena de custodia" el conjunto de actos que tienen por objeto la recogida, el traslado y la conservación de los indicios o vestigios obtenidos en el curso de una investigación criminal, actos que

deben cumplimentar una serie de requisitos con el fin de asegurar la autenticidad, inalterabilidad e indemnidad de las fuentes de prueba.

Esta Sala tiene establecido que la integridad de la cadena de custodia garantiza que desde que se recogen los vestigios relacionados con el delito hasta que llegan a concretarse como pruebas en el momento del juicio, aquello sobre lo que recaerá la inmediación, publicidad y contradicción de las partes y el juicio del Tribunal no sufre alteración alguna. Al tener que circular o transitar por diferentes lugares los efectos o enseres intervenidos en el curso de la investigación, es necesario para que se emitan los dictámenes periciales correspondientes tener la seguridad de que lo que se traslada es lo mismo en todo momento, desde que se interviene hasta el momento final que se estudia y analiza y, en su caso, se destruye (SSTS. 6/2010, de 27-1; 776/2011, de 26-7; 1043/2011, de 14-10; 347/2012, de 25-4; 83/2013, de 13-2; 933/2013, de 12-12; y 303/2014, de 4-4).

También se tiene dicho que la regularidad de la cadena de custodia es un presupuesto para la valoración de la pieza o elemento de convicción intervenido; se asegura de esa forma que lo que se analiza es justamente lo ocupado y que no ha sufrido alteración alguna (STS 1072/2012, de 11-12).

Y en cuanto a los efectos que genera lo que se conoce como ruptura de la cadena de custodia, esta Sala tiene afirmado que repercute sobre la fiabilidad y autenticidad de las pruebas (STS 1029/2013, de 28-12). Y también se ha advertido que la ruptura de la cadena de custodia puede tener una indudable influencia en la vulneración del derecho a la presunción de inocencia, pues resulta imprescindible descartar la posibilidad de que la falta de control administrativo o jurisdiccional sobre las piezas de convicción del delito pueda generar un equívoco o un error sobre cualquier dato decisivo para el juicio de tipicidad. Lo contrario podría implicar una más que visible quiebra de los principios que definen el derecho a un proceso justo (SSTS 884/2012, de 8-11; y 744/2013, de 14-10).

Las objeciones que suelen hacer las partes a la práctica de la cadena de custodia afectan a cuestiones de naturaleza fáctica que, como tales, se hallan sujetas a las reglas generales sobre valoración de la prueba. En otras palabras, no se pueden confundir los dos planos: irregularidad en los protocolos establecidos como garantía para la cadena de custodia no equivale a nulidad. Habrá que valorar si esa irregularidad (no mención de alguno de los datos que es obligado consignar; ausencia de documentación exacta de alguno de los pasos...) es idónea para despertar dudas sobre la autenticidad o indemnidad de la fuente de prueba. No es una cuestión de nulidad o inutilizabilidad, sino de fiabilidad (STSS 506/2012, de 11-6; 884/2012, de 8-11; 195/2014, de 3-3; y 508/2015, de 27-7, entre otras).

La Ley de Enjuiciamiento Criminal no contiene una regulación unitaria y sistemática sobre los requisitos y garantías de la cadena de custodia, si bien regula de forma dispersa algunos aspectos relativos a esa materia. Por ejemplo, al prever en el art. 326 que "cuando el delito que se persiga haya dejado vestigios o pruebas materiales de su perpetración, el Juez Instructor o el que haga sus veces los recogerá y

conservará para el juicio oral..." (art. 326 LECr.); o cuando dispone el art. 334 de la LECr. que "el Juez instructor ordenará recoger en los primeros momentos las armas, instrumentos o efectos de cualquiera clase que puedan tener relación con el delito y se hallen en el lugar en que éste se cometió...". Igualmente se ocupan de otras cuestiones relacionadas con la cadena de custodia los arts. 282, 292, 330, 338, 770.3 y 796.1.6, de la LECr.

44. Nesta mesma liña, a Sentenza 838/2013, do 12 de novembro, en relatorio do Excmo. Sr. Monterde, di:

4. La regularidad de la cadena de custodia, como ha puesto de relieve la jurisprudencia en STS 506/2012, de 11 de junio y STS 4-6-2010 y 24-4-2012, entre otras, es ciertamente un presupuesto para la valoración de la pieza o elemento de convicción ocupado. Se asegura de esa forma que lo que se analiza es justamente lo ocupado y que no ha sufrido contaminación. Cuando se comprueban deficiencias en la secuencia que despiertan dudas razonables, habrá que prescindir de esa fuente de prueba, no porque el incumplimiento de alguno de esos medios legales de garantía convierta en nula la prueba, sino porque su autenticidad queda cuestionada. No se pueden confundir los dos planos. Irregularidad en los protocolos establecidos como garantía para la cadena de custodia no equivale a nulidad. Habrá que sopesar si esa irregularidad (no mención de alguno de los datos que es obligado consignar; ausencia de documentación exacta de alguno de los pasos...) es capaz de despertar dudas sobre la autenticidad o indemnidad de la fuente de prueba.

En cuanto a la ruptura de la cadena de custodia, conviene señalar que su efecto sobre el valor probatorio solo surge cuando se acredita que existe un lapso de tiempo, más o menos largo, en el que los efectos o instrumentos del delito (en este caso la droga) han estado fuera del control policial o judicial, lo que pudiera crear dudas sobre la realidad e identidad de los objetos intervenidos y los que se exhiben como pieza de convicción o elemento probatorio.

Los protocolos de actuación que responden incluso a "estándares" internacionales, se preocupan de acreditar de forma indubitada que desde que se ocupa la droga por la policía o servicios de investigación, hasta que se entrega a los laboratorios oficiales para su análisis y pesaje, se tiene constancia de su existencia, lugar en que se deposita, autoridades que la custodia y pasos sucesivos que se dan hasta que llega a los organismos científicos (STS 17-11-10).

45. Daquela, tal e como se tira das citas anteriores, debemos partir do feito de que non toda irregularidade na cadea de custodia pode supor que deba considerarse nula e, por extensión, que se invalide a proba relativa ás pezas de convicción obxecto de exame, senón só aqueles defectos en que estea xustificada a existencia dunha

dúbida razoable sobre a identidade do obxecto atopado na entrada e rexistro e o que foi obxecto de análise polo perito correspondente.

46. A pesar da insistencia polas defensas nas referencias á Orde JUS/1291/2010, do 13 de maio, pola que se aproban as normas para a preparación e remisión de mostras obxecto de análise polo Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, a simple omisión do disposto nesta orde non pode provocar, sen máis, unha dúbida razoable sobre a realidade da cadea de custodia; o relevante é se a partir da proba practicada no plenario existen motivos para dubidar do aseguramento das pezas de convicción ou obxectos do delito.
47. Para decidir a cuestión debatida debemos acudir á proba practicada no plenario, que foi, dunha banda, a documental relativa ás actas de entrada e rexistro, doutra banda, a testemuñal dos funcionarios policiais que efectuaron os traslados dos obxectos e, por último, a proba relativa á recepción dos obxectos nos lugares en que se realizaron as pericias.

Sobre os obxectos intervidos no rexistro do domicilio de Sofía [REDACTED] e Jorge [REDACTED] e nun predio situado ao seu carón

48. En relación con este domicilio debemos sinalar dous momentos distintos: o primeiro, o que atinxe á entrada e rexistro autorizada polo auto ditado o día 25 de outubro de 2016 (folios 616 e seguintes) no domicilio sito no número [REDACTED] do [REDACTED] en Oia; e outro posterior que se refire ao achado nun predio situado nun plano inferior ao deste domicilio o día 7 de marzo de 2017.
49. Respecto da entrada e rexistro, o documento principal é, pola súa propia natureza e por estar redactado por fedataria pública (artigo 453 da Lei orgánica do poder xudicial), a acta de entrada e rexistro que se atopa nos folios 725 a 729 da causa. Ademais, debe complementarse co atestado da Garda Civil dos folios 972 e seguintes, onde se recollen as fotografías realizadas no rexistro. Do exame destes documentos colíxense os seguintes datos:

- Na acta dáse conta, en primeiro lugar, como “por la ventana del dormitorio principal se lanza un arma, que queda en el suelo”; esta pistola é a que se recolle nas fotografías dos folios 972 a 974. Está identificada ao final da acta, folio 728 verso, como un revólver marca Astra, calibre 22, co número de serie limado e que se identifica como evidencia 18.
- Nun garaxe anexo á vivenda atopouse, como recolle a acta no folio 728 verso, un maletín pequeno e dentro un revólver marca Remington, calibre 22, con número de serie [REDACTED], modelo AI387. As fotografías dos folios 985 e 986 reflicten este achado.

50. Estas dúas armas quedaron en poder dos axentes da Garda Civil, tal e como recolle o atestado no folio 1032, para a súa remisión ao Servizo de Balística da Garda Civil.

51. A entrega destas armas ao Servizo de Intervención de Armas fíxoa o funcionario con identificación profesional [REDACTED] como deriva do documento dos folios 1693 e 1694, funcionario que declarou como testemuña na vista e puido ser interrogado polas partes sobre este punto. Nada se deduce do seu testemuño que faga dúbida da coincidencia nas armas.

52. No folio 2133 consta a identificación de todas as armas, pero a que figura na acta como Remington (que se acaba de citar) o Servizo de Balística identifícaa como unha pistola marca Röhm, modelo RG 320. Non podemos apreciar que existise variación nas armas, entendemos que a pistola é a mesma, o número de modelo indicado polos expertos en balística correspóndese co indicado na acta, así como a identificación do número de serie no seu inicio, e da comparación das fotografías dos folios 986 (fotografía do rexistro) e 2136 (fotografía do informe de balística) tírase que o modelo de arma é o mesmo: abonda con constatar que en ambas as fotos se pode apreciar, na cacha do revólver, a marca que consiste nun R sobre un G nun círculo. Existiu un erro na identificación por parte das persoas que interviñeron na entrada e rexistro que os expertos, os peritos, corrixen.

53. No que atinxe a este domicilio, tamén consta que uns meses despois da realización da dilixencia de entrada se atoparon, nun predio estremeiro con el, anacos dun bote de vidro e varios envoltorios de plástico cunha substancia branca. O achado está documentado nos folios 2251 a 2261 e, en concreto, existen fotografías destes restos nos folios 2256 a 2259, e o lugar do achado tamén está claramente identificado nas fotografías dos folios 2253 a 2255. Ademais, declarou no plenario o funcionario con TIP Q-78685-C, que redactou este atestado. Verbo do destino das substancias apreendidas, estas quedaron en poder da Garda Civil, folio 2261. Estas substancias, como declarou o funcionario con TIP Z-16901-Y, recolleunas el no posto da Garda Civil da Guarda e levounas a Sanidade Exterior, tal e como se reflicte na acta de entrega do folio 2672. Estas substancias resultaron ser:

- 1,716 gramos de cocaína cunha riqueza do 68,24%
- 2,256 gramos de cocaína cunha riqueza do 68,29%
- 0,24 gramos de heroína cunha riqueza do 55,47%
- 16,117 gramos de cocaína cunha riqueza do 71,03%
- 1,483 gramos de cocaína cunha riqueza do 46,8%
- 6,134 gramos de cocaína cunha riqueza do 65,08%
- 0,345 gramos de cocaína cunha riqueza do 36,04%

54. Así deriva do certificado analítico con referencia 54/17/001967 elaborado pola perita con número de identificación 822010, que declarou no plenario.

Domicilio de Sofía [REDACTED] e Jorge [REDACTED] na [REDACTED]
[REDACTED], Tomiño

55. Segundo se desprende da acta de entrada e rexistro, folios 741 a 746, en concreto, no folio 746, nun rocho deste domicilio atopouse “un bote de plástico” e no seu interior “un pequeno paquete de color blanco, con envoltorio de plástico que podía contener en su interior alguna sustancia estupefaciente”. Conforme se desprende da

reportaxe fotográfica da Garda Civil, tal envoltorio é o que recolle a fotografía 61 do folio 1012. Esta substancia, segundo deriva do atestado, folio 1034, foi entregada no Xulgado de Instrución número 2 de Tui.

56. Da lectura da acta dedúcese que, ademais destas substancias, se encontraron outras evidencias que neste momento non son relevantes: restos de bolsas de plástico, prensa, munición etc.

Entrada e rexistro na vivenda da avenida de [REDACTED]
de Tomiño, titularidade de Miguel [REDACTED]

57. Na acta redactada pola fedataria xudicial, folios 730 a 735, figura que neste domicilio se atoparon os seguintes efectos: 1) unha pistola marca Reck, do calibre 22, de cor negra e cargada con tres cartuchos; 2) un revolver ME 38 Compact; 3) unha pistola detonante marca Rhoner Sportwaffen, ademais doutros obxectos.

58. Nos folios 1084 e 1085 constan as fotografías destas armas que fixo a Garda Civil e figura no folio 1118 o depósito do revólver ME 38 Compact e da pistola Rhoner Sportwaffen no Servizo de Intervención de Armas da Comandancia da Garda Civil de Pontevedra.

59. Ademais, neste domicilio atopáronse, como tamén se reflicte na acta (evidencia 5), dous tacos de billetes con 10 000 euros, outro con 10 010 euros e 105 euros en billetes de cinco.

Entrada e rexistro no domicilio de Miguel [REDACTED] sito en [REDACTED]
[REDACTED] de Tomiño

60. Sobre o rexistro neste domicilio cómpre remitirse á acta redactada pola letrada da Administración de xustiza que consta nos folios 747 a 762 e ás fotografías do atestado dos axentes que efectuaron esta dilixencia (folios 1088 a 1104). O relevante, como se indicou na declaración de feitos probados, é que no interior do

domicilio había varias bolsas identificadas na acta como evidencias 6 (encontrada na primeira estancia), 10 (atopada na campá extractora da cociña), 16 (dous paquetes achados no forno), 29 e 30 (nunha viga da bodega); as bolsas contiñan substancias que resultaron ser, consonte o informe realizado pola xefa da Sección de Inspección Farmacéutica (folios 2865 e 2866), respectivamente: 1) 199,9 gramos de cocaína cunha pureza do 72,2%; 2) 528,7 gramos de cocaína cunha pureza do 71,66%; 3) 999,1 gramos de cocaína cunha pureza do 66% e 4) 341,4 gramos de cocaína cunha pureza do 58,52%.

61. Ademais, neste rexistro atopáronse múltiples obxectos relacionados co tráfico de drogas, como substancias de corte, dúas prensas hidráulicas, dúas balanzas de precisión etc.

Domicilio de José Manuel [REDACTED] en [REDACTED], Oia

62. Sen prexuízo do que logo diremos sobre a validez deste rexistro, neste momento imos indicar que obxectos, drogas e armas se atoparon nel e como consta o seu traslado tanto ao Servizo de Sanidade Exterior como ao Servizo de Armas da Garda Civil.

63. A proba fundamental da cal derivan os achados é, novamente, a acta da entrada e rexistro neste domicilio redactada pola letrada da Administración de xustiza que consta nos folios 1448 a 1452 dos autos.

64. Así, no folio 1449 verso figura, en primeiro lugar, como o señor [REDACTED] colleu unha escopeta con número de serie M203, esta escopeta consta como intervida no último parágrafo do folio 1450. Este feito motivou a súa detención e a suspensión do rexistro, que se retomou ás 11:45 en presenza de avogado. Durante o rexistro atopouse, nun garaxe, unha substancia abrancazada; no folio 1450 verso, ao seu inicio, dáse conta da intervención dunha substancia abrancazada que é introducida nun sobre con referencia 15772; neste mesmo folio reflíctese como no baixo se encontraron catro paquetes cunha substancia branca

que se introduciron en dúas bolsas con referencias [REDACTED]; no inicio do folio 1451 consta o achado dunha pistola Smith & Wesson e munición que foron introducidas nunha bolsa con referencia GC066117; por último “en una especie de garaje que hay al lado de la casa” atopouse, novamente “sustancia blanquecina” e bolsas de plástico (folio 1451).

65. Das fotografías realizadas polos axentes da Garda Civil, que a propia acta da letrada indica que foron tiradas no rexistro, tamén derivan os achados anteriores: no folio 1148 están identificados os catro paquetes atopados no baixo ou soto da vivenda, no folio 1149 o revólver Smith & Wesson e no folio 1150 as bolsas atopadas no anexo da vivenda.

Domicilio de Miguel [REDACTED] sito en Mos, [REDACTED] e o vehículo deste acusado

66. Consta, novamente, a acta da dilixencia de entrada e rexistro redactada pola letrada da Administración de xustiza nos folios 1445 e 1447 dos autos. Nela figura, no folio 1446, como nun cuarto (o primeiro rexistrado) se encontraron dous paquetes cunha substancia de cor branca.

67. Ademais, no rexistro efectuado polo funcionario [REDACTED] declarou no plenario, do vehículo do señor Montero atopáronse tres bolsas de plástico cunha substancia branca (folios 1179 e 1180 da causa).

68. Recapitulando todo o anterior, concluímos con que todas as substancias e armas foron achadas nas entradas e rexistros sinalados e, ademais, no que atinxe ao señor Montero, no seu vehículo, como se acaba de indicar, tamén se atoparon tres bolsas de plástico.

Recepción por Sanidade Exterior

69. Nos folios 2863 e seguintes consta a recepción nas dependencias de Sanidade Exterior das substancias intervidas nos rexistros, que están identificadas como 24 envases distintos. Da lectura desta acta tírase que algúns dos envases non se corresponden coas substancias antes enumeradas, como por exemplo a identificada co número 12, que é do rexistro da vivenda da señora Blanca Ailincái, que estivo investigada mais respecto de quen non se formulou acusación; pero o resto correspóndese coas substancias antes identificadas. Na acta de recepción consta como algúns dos envases están identificados pola vivenda en que foron atopados (Refoxos, Santa Rosa), outros (números 1 a 5) foron encontrados nunha maleta, outros identificados como procedentes do domicilio de Miguel [REDACTED] (os 17 a 19) e outros como provenientes do anexo da vivenda do señor [REDACTED]. A acta reflicte que os envases identificados como 1 ao 5 estaban nunha maleta, o que claramente se corresponde co atopado no domicilio de Miguel [REDACTED] en [REDACTED] identificado como evidencia número 7 na acta; os envases 6 a 9 identifícanse como do domicilio de José Manuel [REDACTED], xa que así están rotulados; os envases 10 a 16 (salvo o 12) están rotulados como atopados na vivenda de [REDACTED]; os envases 17 a 19 están identificados como encontrados no domicilio de Miguel [REDACTED]. Ademais, a propia acta de recepción informa de que as cinco primeiras mostras estaban dentro dunha maleta, o que se corresponde coa maleta que, segundo a acta de entrada e rexistro do domicilio do señor [REDACTED] en [REDACTED], foi atopada na primeira estancia rexistrada. Por último, a evidencia identificada como número 24 no folio 2864 correspóndese co achado no domicilio de Sofía [REDACTED] e Jorge [REDACTED] oíán, Tomiño.
70. Estas substancias foron entregadas nestas dependencias polo axente da Garda Civil con [REDACTED], tal e como consta na referida acta e testemuñou o mesmo axente no plenario, quen declarou que as recolleu na comandancia e as entregou nas dependencias de Sanidade Exterior con motivo da solicitude de traslado a tales dependencias, folio 815, e a autorización acordada pola providencia do folio 1421 dos autos. Para tal efecto é importante salientar que na copia do oficio de remisión, folio 1422, consta que se entregan, entre outros bens, “un paquete con un

envoltorio de plástico con una sustancia que podría ser cocaína”, o que claramente se refire á sustancia atopada no domicilio do lugar da [REDACTED] e entregada no xulgado.

71. Tamén temos que facer referencia á recepción das substancias encontradas o día 7 de marzo de 2017 nas proximidades do domicilio da [REDACTED] en Oia. Declarou no plenario o funcionario con [REDACTED] que realizou este atestado. No que atinxe ao destino das substancias aprehendidas, estas quedaron en poder da Garda Civil, folio 2261. Segundo declarou o funcionario con [REDACTED] el recolleu estas substancias no posto da Garda Civil da Guarda e levounas a Sanidade Exterior, tal e como reflicte a acta de entrega do folio 2672. As substancias resultaron ser:

- 1,716 gramos de cocaína cunha riqueza do 68,24%
- 2,256 gramos de cocaína cunha riqueza do 68,29%
- 0,24 gramos de heroína cunha riqueza do 55,47%
- 16,117 gramos de cocaína cunha riqueza do 71,03%
- 1,483 gramos de cocaína cunha riqueza do 46,8%
- 6,134 gramos de cocaína cunha riqueza do 65,08%
- 0,345 gramos de cocaína cunha riqueza do 36,04%

72. Así se extrae do certificado analítico con referencia 54/17/001967 realizado pola perita con número de identificación 822010, que declarou no plenario.

73. En conclusión, no que atinxe a todo o anterior debemos concluír que non é posible soste racionalmente que existiu un erro na identificación das substancias, xa que están documentados todos os pasos desde que foron atopadas ata a súa recepción no Servizo de Sanidade Exterior.

Recepción das armas

74. Nos folios 1689 a 1694 constan as actas de entrega das armas atopadas nos rexistros antes referidos polo garda civil [REDACTED] no Servizo de Intervención de Armas da Garda Civil da Comandancia de Pontevedra; e nos folios 2133 e 2134 consta a recepción polo Departamento de Balística de Zona da Garda Civil sito na Coruña das oito armas e munición aprehendidas. Daquela, tampouco podemos considerar que se producise ningunha rotura da chamada cadea de custodia.

A posible nulidade das entradas e rexistros

75. En relación con este punto, debemos remitirnos ao xa indicado no auto ditado o día 13 de marzo de 2020, onde xa nos pronunciamos sobre a nulidade dos autos de entrada e rexistro no atinente aos domicilios de Jorge [REDACTED] e Sofía [REDACTED] [REDACTED], dunha banda, e ao domicilio de Miguel [REDACTED] doutra (fundamento primeiro, letra d, e fundamento segundo, letra e). Nese auto validáramos as devanditas resolucións.

76. Porén, neste momento debemos analizar máis polo miúdo outras cuestións.

77. En primeiro lugar, o que atinxe ao rexistro de determinadas dependencias anexas dalgúns domicilios, en concreto, no domicilio de Sofía [REDACTED] e Jorge [REDACTED] sito en Oia, e tamén ao rexistro efectuado nunha edificación situada ao carón da vivenda de José Manuel [REDACTED].

i. Principios xerais

78. Da lectura do auto en que se acordou a entrada e rexistro nos domicilios dos acusados tírase que a súa parte dispositiva dispuña o seguinte: “Se decreta la entrada y registro en el domicilio”. Despois de identificar o titular ou titulares do domicilio engadía “así como a sus anexos o trasteros”, como se constata na parte dispositiva nos folios 623 reverso e 694 reverso.

79. A cuestión que debemos resolver neste momento é, xa que logo, que se debe entender por anexos ou rochos e, logo, determinar se os rexistros practicados en dependencias accesorias destes dous domicilios poden considerarse lexitimados pola resolución xudicial indicada.

80. O Tribunal Supremo na Sentenza 282/2004, do 1 de marzo (ECLI:ES:TS:2004:1380), sinalou o seguinte sobre a cuestión agora suscitada:

La doctrina de esta Sala (STS nº 686/96, de 10 de octubre) ha señalado con reiteración que "en modo alguno puede admitirse la tesis del recurso en el sentido de entender que dicha cochera merece la protección al domicilio concedido por la Carta Magna. Abundantísima doctrina, siempre coincidente (SSTS nº 1431/99, de 13 de octubre; nº 123/97, de 16 de diciembre; nº 999/97, de 27 de junio; nº 686/96, de 10 de octubre; nº 824/95 de 30 de junio), define el concepto de domicilio a estos efectos y expresamente rechaza lo sean los trasteros y garajes por no albergar ámbitos en los que se desarrolle la vida privada de las personas. Como dice la Sentencia de 4 de abril de 1995, en lo duradero o en lo permanente, en lo transitorio o en lo accidental, domicilio a estos efectos judiciales es el lugar que la persona elige para desarrollo de su vida íntima y privada a ella sólo perteneciente con exclusión de terceros. Lo esencial es que ese espacio en el que se ejercen las vivencias más íntimas sin sometimiento alguno a los usos y convencionalismos sociales, venga enmarcado físicamente en el habitáculo y espiritualmente en lo que el "yo individual" representa y supone (ver la Sentencia del Tribunal Constitucional de 17 de febrero de 1984). Ese domicilio, que no debe confundirse con la propiedad, lleva consigo el derecho a su inviolabilidad como un derecho natural que el artículo 8 del Convenio de Roma y 17 del Pacto Internacional de Nueva York proclamaron de antes.

Por eso no son domicilios legales sometidos a la protección constitucional, los bares, los restaurantes, los almacenes y los garajes, siempre y cuando no conste espacialmente algún atisbo de privacidad (SSTS de 10 de octubre de 1994 y nº 1431/99, de 13 de octubre). Lo que ocurre es que toda la doctrina expuesta ha de merecer una especial matización en aquellos casos en los que el garaje forme parte del domicilio como una habitación aneja. Si es así claro es que entonces el registro del garaje ha de acomodarse a las exigencias constitucionales del artículo 18.2. En el presente caso se trata de una cochera independiente que forma parte de un conjunto numeroso de cocheras enumeradas y correlativas entre sí".

81. Esta posición incluso ten amparo constitucional. O Tribunal Constitucional na Sentenza 82/2002, do 22 de abril, dicía no seu fundamento octavo:

Pues bien, la aplicación de esta doctrina al caso analizado conduce asimismo a la desestimación de la vulneración alegada. Como ha quedado expuesto en los

antecedentes, la resolución impugnada de la Audiencia Provincial de Málaga sostiene que no puede compartirse la decisión del Juzgado de lo Penal en lo atinente a la "nulidad de la diligencia de **entrada** y **registro** practicada en el trastero ... pues es doctrina reiterada del Tribunal Supremo ... que los trasteros de las viviendas no constituyen parte de las mismas o espacios destinados a la habitación de las personas, por lo que no puede extenderse a ellos la protección constitucional ni por ende serles de aplicación las normas procesales reguladoras de las garantías que han de observarse en la práctica de las diligencias de **entrada** y **registro** en el domicilio de los particulares" (fundamento de Derecho 1).

En el párrafo transcrito se comprueba la existencia de argumentación y que la misma contiene un razonamiento que no resulta ajeno a la lógica, pues, ni parte de premisas falsas, ni ilógicas, ni de las mismas extrae una consecuencia que no derive de ellas. Pues, ciertamente, el Tribunal Supremo sostiene que el trastero y el **garaje** no son domicilio, y, si se parte de dicha premisa, a estos lugares no le son aplicables ni la protección constitucional de la inviolabilidad del domicilio, ni las normas procesales que regulan garantías relativas a la **entrada** y **registro** en el domicilio de particulares.

Tampoco la resolución impugnada puede considerarse arbitraria. En efecto, la Ley de Enjuiciamiento Criminal no sólo regula las entradas y registros en los domicilios, sino también en edificios y lugares públicos, considerando tales "cualesquiera otros edificios o lugares cerrados que no constituyeren domicilio de un particular con arreglo a lo dispuesto en el artículo 554" (art. 547.3 LECrim) en orden a la observancia de los requisitos exigidos en sus arts. 546 y 569: autorización judicial (art. 546 LECrim) y presencia del interesado y del Secretario judicial (art. 569 LECrim). Estas normas de la Ley de Enjuiciamiento Criminal, que establecen garantías de carácter legal y no constitucional, aunque en algunos casos puedan considerarse conectadas con la protección del derecho a la intimidad (art. 18.1 CE), no fueron tomadas en consideración expresamente por la Audiencia Provincial en el caso concreto, a pesar de que los absueltos apelaban a su aplicación para considerar nulo el **registro** del trastero en el que se halló parte del tabaco aprehendido, y a pesar de que la Sentencia del Juzgado de lo Penal núm. 8 de Málaga de 1 de octubre de 1997 también recurrió a su aplicación en su fundamento jurídico séptimo en los siguientes términos: "Pues bien, debiendo ser reputado tal trastero como un lugar cerrado, es evidente, de acuerdo con los artículos 546, 547 y concordantes de la LECrim, que para su **entrada** y **registro** es preceptivo el oportuno mandamiento judicial, ... a falta de consentimiento del titular o titulares. Si se ha realizado, pues, sin contar con ninguno de esos dos títulos habilitantes, preciso es concluir declarando la nulidad del mismo y, consecuentemente, su carencia absoluta de validez como prueba, según el art. 11.1 de la LOPJ".

Ahora bien, aunque el sometimiento de los jueces al imperio de la ley en el ejercicio de su función jurisdiccional (art. 117.3 CE) y las exigencias constitucionales de fundamentación en Derecho de las resoluciones judiciales (art. 24.1 CE) deberían haber conducido a que el órgano judicial ponderara expresamente la licitud del **registro** no sólo en atención al derecho a la inviolabilidad del domicilio (art. 18.2

CE), sino también desde la óptica de los requisitos exigidos por la Ley de Enjuiciamiento Criminal para la licitud del **registro** de lugares cerrados, no puede afirmarse que la ausencia de razonamiento explícito sobre la aplicación o inaplicación de dichos preceptos legales implique una absoluta falta de motivación ni defecto tan desmedido como la arbitrariedad, pues la resolución impugnada no cae en el mero voluntarismo judicial que la prohibición constitucional de incurrir en motivación arbitraria intenta evitar.

82. Partindo do anterior estamos en condicións de examinar a validez dos rexistros practicados nas dependencias indicadas.

Domicilio de Jorge [REDACTED] e Sofía [REDACTED]

83. Constan na causa distintas fotografías que permiten identificar o anexo onde tivo lugar este rexistro. Así, en primeiro lugar, figura unha fotografía aérea do domicilio onde se pode apreciar como a vivenda ten unha dependencia anexa (folio 2253): claramente pode distinguirse a vivenda principal e, na esquina superior da parcela, outra edificación máis pequena no propio recinto, que na acta da letrada da Administración de xustiza se describe como “garaxe” (folio 728, segundo parágrafo). E, en segundo lugar, as fotografías dos folios 982 e 983 permiten identificar esta dependencia como un garaxe ou anexo, non como unha vivenda independente. A validez do rexistro practicado neste lugar é clara. Ademais, non atopamos nas fotografías dato ningún que nos permita identificar este lugar como un lugar íntimo, que é o protexido polo artigo 18 da Constitución.

Domicilio de José Manuel [REDACTED]

84. Sobre este domicilio suscítáronse diversas cuestións: a exclusión do rexistro sobre a edificación lindeira, o acceso dos funcionarios policiais previo ao rexistro e a práctica do rexistro sen asistencia letrada.

Rexistros na edificación estremera

85. Sobre este punto debemos, en primeiro lugar, remitirnos ao dito anteriormente respecto de que é innecesaria autorización xudicial para o acceso a lugares onde non se desenvolve a vida íntima das persoas e **este espazo non é unha morada**.

En todo caso, debemos indicar que o auto antes referido autorizaba a entrada nos “anexos” da vivenda, e este espazo, aínda que situado no exterior do recinto da vivenda do señor [REDACTED] —como se pode constatar na fotografía achegada no plenario (folio 371 do rolo de sala)—, non é posible consideralo domicilio, xa que claramente está separado da vivenda deste acusado.

86. Porén, como acabamos de indicar, o auto permitía non só a entrada ao domicilio (onde estaría incluído o garaxe, que formaba parte da mesma edificación), senón tamén aos anexos. Daquela, debemos incluír neste concepto os espazos pechados que son accesorios á vivenda principal aínda que non estean no mesmo recinto, como ocorre neste caso.

Sobre o acceso previo dos funcionarios policiais

87. Sobre este punto debemos indicar que algunhas defensas alegaron que antes de acceder a comisión xudicial entraron funcionarios policiais nos domicilios. En concreto, nos domicilios de José Manuel [REDACTED] e de Miguel [REDACTED]
[REDACTED]

88. Cómpre sinalar que o acceso previo á chegada da comisión xudicial non é admisible. Verbo disto, o Tribunal Supremo, na Sentenza 272/2021, do 24 de marzo (ECLI:ES:TS:2021:1157), di:

Ya hemos citado la STS 227/2000, de 22 de febrero, en donde se sostiene que no se puede legitimar una entrada previa en el domicilio por los funcionarios policiales o los agentes de la autoridad, aunque tenga carácter preventivo, sin exhibir mandamiento ni por tanto mostrárselo al interesado o a la persona que le represente, pues lo cierto es que se produce un allanamiento, sin cobertura legal, con efectos añadidos sobre la libertad deambulatoria de las personas que se encuentran en el interior del domicilio. Si mientras dura esta situación y hasta el momento de la llegada de la comisión judicial, se adoptan medidas coercitivas de inmovilización o se ocupan objetos, se está produciendo una intervención exclusiva de la policía que no se ajusta a las previsiones legales.

Declara esta Sentencia que la adopción de medidas de vigilancia, como las llama la ley, no permite la entrada en el domicilio sin mandamiento. Así se desprende del artículo 568 de la Ley de Enjuiciamiento Criminal, en el que se dispone que, una vez

practicadas las diligencias que se establecen en el artículo anterior (medidas de vigilancia), se procederá a la entrada y registro empleando para ello, si fuera necesario, el auxilio de la fuerza. Es, por tanto, después de tomadas las medidas, cuando se puede proceder a la entrada y practicar el registro, pero no antes, ya que la diligencia de entrada no sólo se realizaría sin mandamiento judicial, sino que, en el caso de que el interesado o afectado se opusiese a la misma, nos encontraríamos ante una situación ilegal prevista en el Código Penal.

La llegada posterior de la comisión judicial y la exhibición del mandamiento, no pueden subsanar los defectos insalvables derivados de una entrada ilegal y sin mandamiento, por lo que las consecuencias probatorias derivadas del registro devienen ineficaces.

89. En consecuencia, se os funcionarios policiais levaron a cabo un acceso ao interior da vivenda non xustificado (flagrancia, por exemplo), tal actuación producirá a nulidade da dilixencia de entrada e rexistro. Pero isto non é o que aconteceu, non houbo acceso previo á chegada da comisión xudicial.

90. No que atinxe ao primeiro dos domicilios, declarou no plenario o axente con TIP [REDACTED] quen narrou como cando chegou ao domicilio de José Manuel [REDACTED] este non estaba propiamente nel, senón saíndo en dirección á nave polo garaxe antes referido, e que estaba só, que alí o identificaron pero que non o detiveron. Ademais esta testemuña declarou que chegaron todos á vez, en diferentes vehículos, incluída a comisión xudicial (pode verse a súa declaración na gravación da vista do día 7 de outubro desde o momento 2:30:00 en diante). Sobre este punto tamén testemuñou o funcionario do Servizo de Vixilancia Aduaneira con [REDACTED] quen declarou que chegaron ao domicilio sobre as 7 ou 7:30 da mañá, que a entrada foi sobre as 9, xunto coa comisión xudicial.

91. Pola contra, no plenario testemuñaron os señores [REDACTED] e [REDACTED] que declararon que estaban co señor [REDACTED] cando chegaron os axentes e que lle dixeron que estaba detido; e tamén que un dos axentes, o home, entrou varias veces na vivenda, feito este que coincide co declarado pola muller do señor [REDACTED], [REDACTED]

92. A pesar das discrepancias no narrado polas testemuñas, entendemos que tales diferenzas son irrelevantes no que atinxe ao momento da detención e ás posteriores consecuencias, xa que o señor [REDACTED] foi detido posteriormente; e as armas e drogas foron atopadas con posterioridade á detención, salvo a escopeta que empregou para intimidar os membros da comisión xudicial, que, necesariamente, coñecía que estaba nun armario. Ademais, non existen motivos para dúbida do narrado polas testemuñas que actuaban como policía xudicial, o seu testemuño é coincidente neste punto e debe prevalecer fronte a testemuñas claramente parciais, como son a muller do acusado ou os veciños do señor [REDACTED].

93. O mesmo procede sinalar verbo do rexistro no domicilio do señor Miguel [REDACTED]. Testemuñou no xuízo o señor [REDACTED], quen dixo que os axentes entraron na vivenda, pero esta testemuña referiu que entraron sobre as dúas (da tarde). Porén, o rexistro, como deriva da acta (folio 747), comezou ás 11:21, daquela, o narrado por esta testemuña é irrelevante. O funcionario con número da Axencia Tributaria (NUMA) [REDACTED] declarou que se asegurou a vivenda antes do rexistro e indicou que permaneceron no exterior esperando a que chegase a comisión xudicial. Por conseguinte, unicamente “se aseguró” a vivenda, non existiu unha entrada na vivenda, adoptáronse só as medidas de seguridade necesarias para evitar que alguén entrase ou saíse dela. En todo caso, o axente con [REDACTED] declarou que a entrada no domicilio se realizou cando estaban todos presentes, incluída a comisión xudicial, e que antes de acceder toda a comitiva entraron para comprobar que non houbo xente no interior. Polo tanto, este acceso realízase cando xa está presente a comisión xudicial e, xa que logo, non existe ningún tipo de irregularidade.

94. As alegacións sobre irregularidades formuladas polas defensas en relación con estas dilixencias de entrada e rexistros decaen.

Xustificación da denegación da práctica da proba testemuñal atinente á xestión Álvarez

[REDACTED]

95. A sala acordou prescindir da proba testemuñal dos señores [REDACTED] e [REDACTED], xa que estimou que a dita proba era inútil. Esta proba debe relacionarse cun seguimento efectuado ao señor [REDACTED] e documentado nos folios 1758 e seguintes da causa. Tal actuación policial é totalmente inocua para o resultado da investigación realizada polos axentes, como se tira do contido do propio informe operativo. Que o señor [REDACTED] tivese ou non negocios coa dita asesoría nada acreditaría en relación cos feitos obxecto do proceso, polo que entendemos innecesaria a práctica destes testemuños, que en nada afectarían ao resultado dos demais medios probatorios.

Xustificación da declaración de feitos probados

a) *A actuación conxunta de Jorge [REDACTED], Sofía [REDACTED],
Hermán [REDACTED] e Lorena [REDACTED]*

96. Neste momento cómpre xustificarmos a declaración de feitos probados, comezando polos feitos atribuídos a Jorge [REDACTED], Sofía [REDACTED], Hermán [REDACTED] e Lorena [REDACTED].

97. En primeiro lugar, debemos salientar que contamos con proba de que os acusados levaban a cabo, en coordinación, actividades de tráfico de drogas, de xeito que habitualmente recibían chamadas dos posibles adquirentes e concertaban as entregas de droga. Así, nos autos figuran as transcripcións de varias chamadas e logo tamén constan probadas, mediante fotografías e o testemuño dos gardas civís que realizaron os seguimentos, as diversas citas en que se facían as entregas.

98. Procede concretar tales entregas:

- O día 10 de maio de 2016 Hermán [REDACTED], ás 20 horas, entregou aos ocupantes dun vehículo con matrícula portuguesa algo que levaba no pantalón; a dita entrega fíxose nun lugar apartado, o campo de fútbol de Tomiño, como se tira das fotografías do folio 201. Tamén o constatamos cunha fotografía de parte dos feitos (folio 202) e coa declaración como testemuña no plenario do axente [REDACTED]

que presenciou os feitos. Ademais, as transcricións das chamadas recibidas ese día no número de teléfono [REDACTED] permiten constatar como primeiro se recibiu a chamada e se concerta a cita nese lugar.

- O día 11 de maio de 2016 consta tamén documentada a chamada recibida no teléfono [REDACTED], contestada por Hermán [REDACTED] e como se concerta unha cita no cemiterio de Goián e alí se fai entrega, ás 18:20 horas, dun obxecto (constan fotografías do feito nos folios 203 e 204).
- Tamén o día 11 de maio de 2016, ás 19:35 horas, está probada unha entrega realizada por Jorge [REDACTED], logo da chamada ao teléfono [REDACTED] que contesta Sofía e concerta a cita no cemiterio de Goián, a onde acode Jorge [REDACTED]. Constátase nas fotografías e co testemuño do garda civil [REDACTED] quen narrou como viu o “pase”.
- O día 12 de maio de 2016 está acreditado, tamén, que existiron dúas citas no campo de fútbol de Goián, nas cales interveu Hermán, que acudiu no ciclomotor cuxa titular é Sofía [REDACTED], e que ás 19:55 horas e ás 20:15 horas entrega algo aos ocupantes de dous vehículos. Tales citas están documentadas nas fotografías dos folios 238 a 240 e tamén foron testemuñas o funcionario [REDACTED] quen narrou como estaba alí e Hermán o adiantou coa motocicleta e como foi testemuña do “pase”, e o funcionario [REDACTED], que declarou neste mesmo sentido sobre este feito.

99. Ademais, en relación con estes acusados, das transcricións das escoitas telefónicas realizadas aos teléfonos empregados por eles tamén se tira que se dedicaban á actividade ilícita.

100. Así, na denominada peza de escoitas da causa (composta por cinco tomos), están transcritas múltiples chamadas recibidas polos indicados, das cales deriva con claridade como actuaban concertando entregas de drogas. Poden constatare nesta peza e, a modo exemplificativo, resumímolos seguidamente.

101. No tomo 2, folios 375 e seguintes, están transcritas chamadas telefónicas efectuadas durante o mes de abril: o 6 de abril, ás 18:25 horas (folio 378 deste tomo), Jorge [REDACTED] recibe unha chamada dunha persoa que lle pide “pequeno”; ás 19:47 chámalo outra persoa e pídelle “pequeno”; o día 7 de abril, ás 15:05, Jorge [REDACTED] concerta unha entrega cun terceiro no “campo” (folio 379); ese mesmo día Jorge, ás 16:19, concerta unha cita cunha muller “detrás de los chalés”; o día 8 de abril, ás 14:38, Sofía [REDACTED] concerta unha cita cun descoñecido no “campo”, folio 380; ás 14:49 Sofía queda cunha descoñecida “donde siempre”; ás 18:49 (folio 381) Sofía queda cunha persoa no cemiterio e esta persoa pídelle “mitad”; ás 20:58 concerta cun descoñecido a entrega de “dos pequenos”; ás 21:06 (folio 382) Sofía concreta a entrega dun “pequeno”; ás 21:54 unha persoa pídelle a Sofía “tres”; o día 9 de abril (folio 384) alguén lle pide a Sofía “un pequeno” e concerta a cita no campo de fútbol; ás 16:10 un descoñecido pide “un y dos medios”; ás 22:24 (folio 386) pídelle “un grande”; o día 10 de abril, ás 15:04, concertan a entrega de “uno entero”; o día 11 de abril, ás 14:17, fala Sofía da entrega de “un pequeno” (folio 388); ese mesmo día, ás 15:26, Sofía pregúntalle ao interlocutor “¿grande o pequeno?”; o 12 de abril pídelle a Sofía “un enteiro”; o 13 de abril, ás 20:15 (folio 390), piden “una grande y una pequeña”; ás 21:51 “dos pequenos”; o día 15 de abril, ás 20:04, concertan a entrega de “dos” (folio 383); o día 23 de abril, ás 23:01, concerta Sofía a entrega “dun café”; o día 24 de abril, ás 20:36 (folio 404), a entrega dun “pequeno”; o día 25 de abril, ás 14:11, Sofía recibe a chamada dunha persoa que pide “media pizza” (folio 405); o día 29 de abril, ás 20:02 (folio 408), unha persoa pide “do grande” nunha chamada contestada por Sofía; ás 21:28 Sofía recibe a petición de “uno grande y dos pequenos”.

102. No mes de maio (folios 412 e seguintes) existen múltiples chamadas do mesmo contido; enumeramos algunhas escollidas: o día 1 de maio, ás 14:59 horas, pídelle a Hermán “una Coca-Cola para llevar” (folio 412); o día 2 de maio, ás 14:46, Sofía e outra persoa falan da entrega dun “pequeno”; o mesmo ás 15:01; ás 20:13 Hermán recibe unha chamada en que lle piden “medio” (folio 413); o día 3 de maio, ás 20:28, Hermán recibe unha petición de “dos medios” (folio 414); o día

4 de maio, ás 16:49, pídennlle “un café grande”; o día 6 de maio, ás 12:59 (folio 416), pídennlle a Sofía “medio”; ás 23:05 Hermán fala da entrega de “una pequena” e de que son 20 euros; o día 7 de maio (folio 417), ás 17:12, Hermán concerta a entrega de “uno grande y uno pequeno”; ás 18:55, de “una mitad”; ás 23:12 (folio 418), “dos grandes y uno pequeno”; o día 10 de maio, ás 12:25, Sofía concerta a entrega de “uno pequeno”; o día 12 de maio, ás 14:09, Sofía queda cunha persoa no cemiterio para entregar “uno pequeno” (folio 422); ás 17:50 encárganlle a Hermán “uno” (folio 423); o día 17 de maio, ás 21:08, un descoñecido fala con Hermán e concertan unha cita e pregúntalle o interlocutor se ten cambio, que el ten 50 (folio 426); o día 22 de maio, ás 22:57, Hermán fala de que está preparando “grandes” (folio 428); o día 25 de maio, ás 14:24, Sofía concerta a entrega de “una” (folio 429); o día 25 de maio, ás 19:27, Hermán fala cunha persoa da entrega de “tres” e dos prezos; ás 19:54 Sofía e Hermán concertan a entrega de “grandes” que lle dará Jorge a Hermán (folio 432); o día 27 de maio, ás 12:33, unha persoa concerta con Sofía a entrega de “medio” (folio 432); ese mesmo día, ás 14:38, Hermán concerta unha cita detrás do “campo”; o día 29 de maio, ás 23:47, Hermán concerta a entrega de “medio” (folios 433 e 434).

103. Este tipo de chamadas tamén están recollidas noutros teléfonos empregados por estes acusados nestes meses. Así, nos folios 439 e seguintes constan transcritas as chamadas realizadas desde o terminal ██████████ empregado por Jorge ██████████, entre as cales atopamos chamadas con referencia a “uno de veinte” o día 22 de abril, ás 20:00 horas (folio 442); o día 2 de maio Sofía e Jorge falan de “hacer uno y medio” (folio 444); o día 6 de maio (folio 446), ás 20:39, Hermán dille a Jorge ██████████ “que necesita un poco de todo”; o día 7 de maio, ás 18:40, Jorge ██████████ concerta cunha persoa a entrega de “cinco” a “cuarenta y cinco”; ese mesmo día, ás 20:18, Jorge e Hermán concertan a entrega do primeiro ao segundo de “grandes e pequenos” (folios 446-447); no folio 454 consta unha conversa entre Jorge e Hermán do día 21 de maio, ás 21:21, onde concertan a entrega de catro grandes...

104. Durante o mes de xuño aparecen chamadas similares. Por exemplo, o día 2 de xuño, ás 22:11 horas, Hermán concerta cunha persoa “cena para cinco” e quedan no campo de fútbol (folio 470); o día 4 de xuño, ás 20:42, concerta Hermán a entrega de “uno” (folio 471); ese mesmo día, ás 22:38, unha persoa pídlle “dos gramos y medio”; o día 7 de xuño, ás 14:05, Sofía queda cunha persoa no campo de fútbol e concerta a entrega dicindo “como siempre” en relación coa cantidade que acordaron entregar; o día 9 de xuño (folio 435) existen distintas chamadas en que son concertadas citas por Hermán no cemiterio; o día 9 de xuño, ás 23:09, Hermán [REDACTED]s fala con Jorge [REDACTED] pídlle “cosas de todo” (folio 476); o día 10 de xuño (folio 476) Sofía concerta cunha persoa a entrega de “la mitad”; ese mesmo día (folio 477) Sofía concerta distintas citas no campo, no cemiterio; ese mesmo día, ás 17:42, encárganlle a Hermán “una cena para cinco” e seguidamente fala con Jorge [REDACTED] desta petición e este dille que vai para o campo (folio 477); o día 17 de xuño (folio 498), ás 13:10, Sofía [REDACTED] concerta cunha persoa a entrega de “un e medio”; ese mesmo día, ás 22:59, Hermán concerta a entrega de “uno”; o día 19 de xuño, ás 14:23, Hermán concerta cunha persoa a entrega de “uno pequeno”; ese mesmo día, ás 15:13, Sofía comunícalle a Hermán que pasarán pola súa casa a levarlle “más”; o día 21 de xuño, ás 11:46, Jorge [REDACTED] concerta a entrega de “dos” (folio 503); o día 22 de xuño, ás 15:06, Sofía concerta a entrega de “dos y media”; ese mesmo día, ás 21:46, Hermán concerta a entrega de “dos”.

105. Pasando ao mes de xullo, tamén están recollidas transcricións de conversas do mesmo contido: o día 4 de xullo (folio 530) Hermán concerta distintas citas en distintos lugares, detrás da igrexa, no campo de fútbol; o día 8 de xullo, ás 19:09 horas (folio 531), Hermán [REDACTED] concerta a entrega de “una grande”; ese mesmo día, ás 22:05, Hermán pídlle a Jorge “unos grandes y unos pequenos”; o día 9 de xullo, ás 23:57, falan da entrega no campo de fútbol de “grandes” (folio 532); o día 10 de xullo, ás 16:50, Hermán recibe unha chamada en que lle preguntan se poden comprar e quedan no campo (folio 533); ese mesmo día, ás 22:31, Hermán pídlle a Jorge “pequenos”; o día 23 de xullo, ás 18:50, Hermán recibe unha chamada e, cando pregunta canto vai ser, a resposta é “tres” (folio 562); o día 24 de xullo, ás

21:44, un descoñecido encárgalle a Hermán “medio” e quedan no campo; ese mesmo día, ás 23:15, Hermán recibe petición de “uno”; o día 26 de xullo, ás 15:56, unha persoa encárgalle a Hermán “mitad” (folio 563); ese mesmo día, ás 16:51, Hermán queda con Sofía “para lo de siempre”; o día 28 de xullo, ás 15:06, unha persoa encárgalle a Hermán “una y media” (folio 564); o día 22 de xullo, ás 13:43, concerta cun tal Rafa a entrega de “mitad”; ese mesmo día, ás 21:05, Jorge [REDACTED] recibe unha chamada onde falan de “cinco” (folio 569).

106. No tomo IV da citada peza constan as transcricións referidas ao mes de agosto, tamén similares ás xa indicadas. Por sinalar algunhas: o día 2 de agosto, ás 17:15 horas, un descoñecido concerta con Hermán a entrega de “uno pequeno” (folio 803); ese mesmo día, ás 23:58, concerta Hermán a entrega de “uno”; o día 3 de agosto, ás 20:01, Hermán concerta a entrega de “uno”; ás 21:00, Hermán concerta a entrega de “uno grande” (folio 804); o día 4 de agosto, ás 19:48, unha persoa pídelle a Hermán “que le traiga cosas” (folio 804); ese mesmo día, ás 21:44, unha persoa pídelle “dous pequenos”; o día 5 de agosto, ás 14:52, pregúntanlle a Hermán o prezo de “nueve” (folio 805); ese mesmo día, ás 18:12, Hermán fala cunha persoa de “una grande”; o día 10 de agosto (folio 807), ás 20:04, Hermán fala dos prezos “dos pequenos e dos grandes”; o día 11 de agosto, ás 17:05, Hermán fala da entrega de “tres grandes”; ás 17:30, de “dos grandes” (folio 808); o día 12, ás 18:42, Jorge [REDACTED] concerta a entrega de “dos”; o día 9 de agosto, ás 13:27, Jorge [REDACTED] recibe unha chamada para reservar “los diez” (folio 814); o día 14 Jorge recibe unha chamada, ás 22:08, en que lle encargan “uno grande y uno pequeno”; o día 16 de agosto (folio 864) constan varias chamadas recibidas por Hermán nas cales lle piden “uno” ou “medio” distintas persoas; o día 19 de agosto Jorge [REDACTED] recibe, ás 16:37, unha chamada para lle pedir “cuatro grandes” (folio 865); ás 19:54 encárganlle a Hermán [REDACTED] “uno pequeno”; ás 22:18 encárganlle novamente a este último “un pequeno”; o día 20 de agosto, ás 23:57, Jorge [REDACTED] concerta a entrega de “dos grandes” (folio 866); o día 26 de agosto, ás 23:51, Hermán [REDACTED] concerta a entrega de “dos grandes” no cemiterio de Goián; ese mesmo día, ás 23:58, a entrega de “un pequeno”; o día 28 de agosto, ás

21:09, Sofía recibe o encargo de “dos y medio” (folio 877); ese mesmo día Jorge [REDACTED], ás 23:06, recibe a petición de “un grande” (folio 883).

107. No tomo V da peza de escoitas constan transcricións semellantes ás indicadas anteriormente respecto do mes de setembro; a modo de exemplo, extractamos algunhas. O día 18 de setembro Sofía recibe, ás 15:00 horas, unha chamada en que lle piden “un medio” e quedan no campo (folio 1028); o día 21 de setembro Hermán pídelles a Sofía “cinco”; o día 22 de setembro unha persoa pídelles a Sofía “uno pequeno”; o día 16 de setembro Jorge [REDACTED] recibe, ás 21:39, unha chamada para lle pedir “un grande y uno pequeno” (folio 1031); no folio 1031 constan tamén outras chamadas do día 17 de setembro en que se piden “cinco”, “dos pequenos”, “uno pequeno”, chamadas atendidas por Sofía [REDACTED] e Jorge [REDACTED]

108. O uso destes teléfonos por estes imputados evidencia que dispuñan dalgúns deles indistintamente.

109. Doutra banda, as chamadas recibidas en todos eses teléfonos son dun contido, en todas elas, análogo: unha chamada efectuada por outra persoa que pide “un grande”, “un medio”, “uno y medio”, “dous grandes”. O número de chamadas recibidas con conversas deste mesmo tipo é moi amplo e prolóngase durante os meses de maio a setembro.

110. O resultado das probas anteriores evidencia que estamos ante unha serie de persoas que, coordinadamente, levan a cabo actividades de tráfico de drogas.

111. Dunha banda, o resultado dos seguimentos realizados polos axentes da Garda Civil os días indicados máis arriba (10, 11 e 12 de maio de 2016) evidencia que se efectuaban entregas dalgún obxecto ou substancia de xeito clandestino, en lugares pouco concorridos, como un camposanto ou un campo de fútbol. Por outra banda, tales entregas estaban previamente concertadas cunha chamada en que se empregan expresións sempre similares e sen facer referencia a que é o obxecto de

entrega; soamente falan de cantidades pero evitando mencionar os obxectos; e tamén se concertan as entregas no campo de fútbol ou no cemiterio, lugares que, como é notorio, salvo días determinados, son solitarios.

112. Evidentemente é necesario admitir que, respecto destas entregas, non está acreditado de xeito directo cal era a substancia (ou obxecto) entregada; porén, existen indicios de que a substancia era cocaína.

113. En efecto, neste momento é necesario remitirnos ao resultado da entrada e rexistro no domicilio de Jorge [REDACTED] e Sofía [REDACTED] en Oia (acta nos folios 725 a 729). Consta no folio 983 unha fotografía onde se aprecia que existían múltiples restos de bolsas de plástico e unha báscula de precisión, así como outra báscula e restos de cocaína (nunha navalla que, aplicando un reactivo, deu resultado positivo a cocaína); e, ademais, no domicilio do lugar da Centinela, en Goián (acta nos folios 741 a 746), tamén foi atopada cocaína e unha máquina para o envasado ao baleiro. A análise desta droga consta no folio 1948 identificada como mostra 24 cun peso de 0,211 gramos e unha pureza de 68,16%.

114. No domicilio de Hermán [REDACTED] e Lorena [REDACTED] tamén foron atopados recortes de plástico dos que habitualmente se empregan para gardar a droga destinada á venda polo miúdo.

115. Entendemos, en consecuencia, que existen indicios de que estes acusados traficaban con droga, en concreto, con cocaína. O feito de que fixesen as entregas ás agachadas que antes se enumeraron, empregando unha linguaxe en que simplemente se fai referencia á entrega de cantidades pero non do produto que vai ser entregado, pon de manifesto a súa vontade de ocultar a natureza deste e, polo tanto, a ilicitude dese tráfico. Ademais, os restos atopados deron positivo aos reactivos da cocaína, e, en concreto, no domicilio de Goián, atopouse unha bolsa con cocaína, segundo a analítica efectuada.

116. O anterior abundaría, entendemos, para considerar probado o tráfico de cocaína, pero ademais debemos sinalar que consideramos probado que, no momento de realizarse a entrada e rexistro no domicilio da [REDACTED] de Sofía [REDACTED] e Jorge [REDACTED] estes tiraron ao exterior a droga, que foi atopada meses despois. Procede agora xustificar esta conclusión.
117. Tírase da proba practicada que o día 7 de marzo de 2017, nun camiño situado nun plano inferior ao da vivenda da [REDACTED]a, se atoparon restos dun bote de vidro e de varios envoltorios cunha substancia que resultou ser cocaína. Así deriva das fotografías dos folios 2255 a 2259 e do testemuño do garda civil con TIP [REDACTED] que foi quen tomou as fotografías e recolleu a referida substancia. Consta tamén na causa o resultado da análise practicada a esta substancia, folio 2673, que foi entregada polo axente [REDACTED]; despréndese desa análise o resultado da pesada e a pureza e a identificación das drogas a que se fai mención nos feitos probados.
118. É evidente que o feito de que esta droga fose atopada nun predio lindeiro coa propiedade onde residían Sofía [REDACTED] e Jorge [REDACTED] non é unha proba directa de que a droga fose súa ou de que estivese antes no seu poder. Porén, existen indicios suficientes para acadar esta conclusión. Cómpre xustificala.
119. En primeiro lugar, debemos sinalar que está probado que, no momento en que a comisión xudicial chegou ao domicilio, desde o interior tirouse unha pistola coa intención de agochala e que foi caer fóra do recinto do predio onde estaba a vivenda destas persoas. A acta da letrada da Administración de xustiza dá conta deste feito (folio 726, segundo parágrafo) e nas fotografías realizadas pola policía xudicial (folios 972 e 973) recóllese o lugar en que foi atopado o revólver e o golpe coa varanda. Daquela, como primeiro indicio temos o feito de que as persoas que estaban no interior da vivenda, Sofía [REDACTED] e Jorge [REDACTED] pretenderon desprenderse dos obxectos ilícitos que posuían e que os incriminaban. O segundo indicio atinxe ao lugar en que se atopou a droga: segundo deriva do atestado do achado (folio 2253), o lugar onde estaban as substancias localízase

aproximadamente a uns 25 metros da vivenda e en liña recta co sitio en que se atopou a pistola referida; xa que logo, é posible que se puidese tirar un bote desde a casa e que rematase o seu contido no lugar onde se encontrou a droga e, ademais, que o bote de vidro rompese precisamente ao caer ao chan. A exclusión da hipótese que se deduce do anterior, isto é, que os acusados tiraron o bote coa droga, esixe valorar unha hipótese alternativa razoable. Tal hipótese non concorre ao noso xuízo. A hipótese sería que un terceiro tirase alí a droga, previamente introducida nun bote, e que este rompese. Esta posibilidade cremos que non é aceptable racionalmente con parámetros de normalidade. A posibilidade de que un terceiro tirase alí a droga non é asumible: o lugar, como se aprecia nas fotografías aéreas (folio 2253), é unha zona residencial con vivendas unifamiliares con pouco volume de poboación; o sitio está nun camiño non asfaltado que semella dar servizo a dúas vivendas (fotografía 4 do folio 2254), polo que é un lugar pouco transitado. Admitir como probable esta hipótese alternativa non o entendemos razoable, xa que obrigaría a identificar o motivo dese abandono de droga fronte á explicación máis sinxela e lóxica antes apuntada: Sofía [REDACTED] e Jorge [REDACTED] tiraron a droga que posuían coa finalidade de evitar que fose atopada no rexistro.

120. Respecto destes catro acusados, debemos tamén xustificar a relación que existía entre eles.

121. Claramente deriva da proba, en concreto, das gravacións das diversas conversas mantidas polos acusados tanto entre si como con terceiros, que pode apreciarse como existía unha clara repartición de tarefas e como empregaban indistintamente algúns dos teléfonos móbiles identificados anteriormente; e que incluso Hermán [REDACTED] utilizaba a motocicleta propiedade de Sofía [REDACTED], xa anteriormente nos referimos ao uso indistinto polos acusados dalgunhas liñas de teléfono, pero as escoitas tamén evidencian que realizaban as tarefas de común acordo. Por enumerar algunha delas: o día 15 de abril de 2016, ás 12:49 horas, escóitase como Sofía lle pide a Jorge [REDACTED] “tres grandes” e este indica que “había dos”, pero Sofía insiste en que queren catro e Jorge responde cun

“vale”; o día 22 de abril, ás 14:55, Sofía e Jorge falan dos problemas cun tal Sambo sobre o prezo, o que evidencia que actuaban coordinadamente; na chamada recibida o día 1 de maio de 2016, ás 19:23, Sofía e outra persoa falan de alguén que está traballando e é Hermán a quen se refiren; o día 2 de maio, ás 15:01, Sofía e un descoñecido falan da hora en que comeza Hermán e Sofía indica que cando remate o traballo no concello; desenvólvese no mesmo teor a conversa de Sofía cun terceiro do día 4 de maio, ás 14:46, na cal se lle escoita indicar que Hermán comeza ás 15:30; o día 6 de maio, ás 18:57, Hermán dille a outra persoa que “curra hasta las 11:30”; o día 9 de xullo, ás 0:12, Hermán manifesta que lle toca “jornada todo el día”; o día 21 de xullo, ás 14:31, Sofía di que está ela e que Hermán non está ata as 15:30 horas. Destas escoitas dedúcese claramente que existe un horario en que actuaba Hermán, o que novamente remite á existencia dunha coordinación de horarios para facer as entregas de droga. Tamén é salientable que existen conversas telefónicas que apuntan a que Hermán realizaba as tarefas subordinado a Jorge [REDACTED] e Sofía [REDACTED]; así, o día 4 de maio recibe Hermán unha chamada no teléfono [REDACTED] en que lle piden “dez” e Hermán indica que para iso debe falar con Sofía e Jorge; seguidamente figura unha chamada de Hermán a Jorge, ás 20:38, na cal lle dá conta da petición de “dez botellas”; o día 14 de maio, ás 21:30, Hermán pídelles a Sofía “pequeños”; chamadas similares con Jorge efectuáronse os días 7 de maio, ás 20:18, o día 6 de xullo, ás 21:07 etc. É salientable o feito de que, tras a detención de Hermán acontecida o día 16 de xullo, nunha conversa telefónica entre Sofía e un terceiro do día 22 de xullo, ás 13:46, Sofía fala de Hermán, “el chaval de Goián”, dicindo que “ahora es autónomo”, o que evidencia que antes actuaba subordinado ás instrucións de Sofía e Jorge.

122. Mención particular debemos facer á participación de Lorena [REDACTED] nestes feitos. Esta persoa, no momento dos feitos, era a parella de Hermán [REDACTED] e convivía con el, e a súa participación está nunha escala inferior á da súa parella e á dos outros dous acusados a que nos referimos anteriormente. Así, as gravacións de conversas telefónicas en que aparece ela directamente son escasas dentro da multitude de conversas onde interveñen os demais acusados, apenas once co

seguinte contido: o día 8 de maio, ás 20:16 e 20:18 horas, onde se escoita a Lorena preguntarlle a Hermán polo seu paradoiro e este lle di que viu unha patrulla da Garda Civil, mentres que na segunda chamada lle dá o recado de que chamou outra persoa; o día 13 de maio, ás 17:11, Lorena pregúntalle que canto colle, que Sofía chega agora; o día 10 de xuño, ás 15:59, Lorena contesta unha chamada de Sofía, que lle pide que lle diga a Hermán que chame a Jorge; o día 14 de xuño, ás 14:57, Lorena recolle a chamada dun descoñecido que pide “mix” e concertan unha cita en cinco minutos; ese mesmo día, ás 17:08, Lorena contesta unha chamada e un descoñecido pide “un pequeno” e concertan unha cita en cinco minutos; o día 20 de xuño, ás 15:51, contesta unha chamada de Sofía en que esta reprocha o comportamento de Hermán e incluso chega a falar de que devolva a moto; o día 15 de xullo, ás 14:54, contesta unha chamada de Sofía que lle di que saia, que lle deixa o teléfono e “esto”; o día 22 de xullo, ás 22:49, recibe unha chamada de Hermán, que lle encarga que lle entregue a outra persoa algo que está dentro dunha caixa de madeira; o día 26 de xullo, ás 23:43, Hermán chama a Lorena e encárgalle que entregue “uno pequeno” a un portugués que esta fóra, logo Hermán confirma a entrega e Lorena dille que quixo un “entero”.

123. O contido das chamadas evidencia que a participación de Lorena era distinta da de Hermán. Fundamentalmente, recollía recados, pactaba citas que, nese momento, lle esixía Hermán, e, ademais, como acredita a copia da sentenza achegada no momento inicial do xuízo, a relación que tiña Lorena [REDACTED] con Hermán [REDACTED] estaba mediatizada pola situación de violencia que ela relatou. Do anterior deriva que a súa actuación sexa distinta da dos outros acusados citados anteriormente.

Relación de Miguel [REDACTED] cos anteriores

124. A participación de Miguel [REDACTED] esixe unha xustificación diferente, xa que a súa intervención nos feitos é distinta: non participaba nas actividades de venda a consumidores, senón que era o subministrador de substancias aos anteriores e así o declaramos probado.

125. Sobre a súa participación nos feitos contamos con proba de distinta natureza: o resultado das intervencións telefónicas no que atinxe ás chamadas entre el e Jorge [REDACTED], o seguimento realizado ao señor [REDACTED] e, por último, o resultado da entrada e rexistro no seu domicilio. Examinaremos as probas por separado.
126. Existen na causa gravacións das conversas mantidas entre Miguel [REDACTED] e Jorge [REDACTED] concertando citas coa finalidade de “tomar café”. Así, por enumerar algunhas: o día 9 de abril ás 14:01 horas; o 3 de maio ás 12:52; o día 9 de maio ás 17:49; o 9 de xuño ás 20:16; o 19 de xuño ás 21:58; o 24 de xuño ás 18:20; o 6 de xuño ás 14:10; o 9 de xullo ás 21:54; o 22 de xullo ás 13:07; o 27 de xullo ás 13:12; o 7 de agosto ás 12:48 etc. Estas chamadas son efectuadas exclusivamente entre ambos e utilizando o teléfono de Jorge [REDACTED] o con número [REDACTED] desde o teléfono [REDACTED] empregado por Miguel [REDACTED] e tamén empregando o teléfono [REDACTED] deste acusado. O teor das conversas evidencia que se concertan citas en lugares previamente acordados e, ademais, que se ocultan datos sobre o lugar e os motivos das citas, o que mostra a súa intención de manter os encontros ás agachadas.
127. Pero ademais contamos na causa con proba de encontros entre o señor [REDACTED] e o señor [REDACTED] ambos concertaron dúas citas das cales foron testemuñas os axentes da Garda Civil; unha o día 13 de xullo de 2016 e outra o día 22 de xullo de 2016. En ambas a mecánica foi a mesma: conversas telefónicas previas onde quedan para tomar café e logo vense nun lugar apartado de [REDACTED]
128. A cita do día 22 de xullo de 2016 está incluso documentada fotograficamente, folios 1713 a 1715, e pode apreciarse nas fotografías como unha persoa, que logo sería identificada como Miguel [REDACTED] (así o indicaron os axentes testemuñas do feito), sae do seu vehículo portando algo de cor branca na man dereita e como se achega ao coche onde está Jorge [REDACTED]. Foron testemuñas deste feito os axentes [REDACTED]; ambos declararon no plenario e o

segundo foi o que viu a cita, obtivo as fotografías e narrou que os feitos aconteceron da forma descrita.

129. En relación con este último feito, é salientable que, segundo narraron as testemuñas, os señores ██████ e ██████ adoptaron medidas para evitar ser seguidos, xa que o señor ██████ pasou un par de veces polo lugar de encontro antes de deterse, claramente coa finalidade de evitar ser seguido. Isto reforza a conclusión de que a súa actividade era ilícita.

Resultado das entradas e rexistros practicados nos domicilios de Miguel ██████

130. En relación con este acusado e coa súa comisión do delito de tráfico de drogas, ten especial relevancia o resultado dos rexistros xudiciais practicados nos seus domicilios, que constan documentados nas actas dos folios 730 a 735 e 747 a 762.
131. A primeira acta reflicte o resultado do registro practicado no domicilio da ██████. Dela é relevante indicar que, na estancia descrita como dormitorio do investigado (folios 731 e 732), foron encontradas tres armas — identificadas como unha pistola calibre 22 marca Reck, un revólver do calibre 22 Compact e unha pistola Rhoner Sportwaffen—, dúas básculas e, ademais, diversas bolsas para envasado ao baleiro e tres paquetes con billetes, dos cales dous contiñan 10 000 euros e o terceiro 10 010 euros. Tamén constan na causa, folios 1084 a 1087, as fotografías tomadas pola forza policial no registro, nas cales se poden apreciar as pistolas referidas (folios 1084 e 1085).
132. No registro do domicilio do lugar de ██████ segundo reflicte a acta redactada pola letrada da Administración de xustiza (folios 747 e 762), atopáronse, ademais de diversos envoltorios e substancias de corte (evidencias 4, 5, 6 e 7, esta última corresponde unha maleta con cinco bolsas), un paquete (identificado como evidencia 10 no folio 754) dunha substancia que resultou, segundo a análise realizada, 199,9 gramos de cocaína cunha pureza do 72,2%; dous paquetes baixo o

forno (folio 756) que resultaron conter 528,7 gramos de cocaína cunha pureza do 71,66%; un bolígrafo-pistola no moble do salón (folio 759); dous paquetes nunha viga do soto da vivenda (folio 760), un deles contiña 999,1 gramos de cocaína cunha pureza do 66% e o outro 341,4 gramos de heroína cunha pureza do 58,52%. Ademais, neste rexistro atopáronse, tamén, obxectos relacionados co tráfico de drogas, como substancias de corte (no armario do salón, folio 758, atopouse un paquete con 101,9 gramos de paracetamol), dúas básculas de precisión, anacos de plástico, dúas prensas etc.

Tráfico de drogas dos anteriores

133. Impútase a Sofía [REDACTED], Jorge [REDACTED], Hermán [REDACTED] e Lorena [REDACTED] a comisión dun delito de tráfico de drogas do artigo 368 do Código penal na modalidade de substancias que causan grave dano á saúde.

134. Xa explicamos anteriormente en que consistiron os actos levados a cabo polos referidos acusados. Daquela, debemos considerar a intervención de Sofía [REDACTED], Jorge [REDACTED] e Hermán [REDACTED] como de autores; os tres participaban de xeito activo nos actos destinados ao tráfico, facendo entregas a terceiros, concertando citas ou ben, como no caso de Jorge [REDACTED], adquirindo a droga para a súa ulterior distribución. Estamos ante autores no senso do artigo 28, inciso primeiro, do Código penal.

135. A participación nos feitos de Lorena [REDACTED] merece outra cualificación. Tal e como quedou probado, a súa intervención limitábase a atender chamadas que recibía de quen era a súa parella; os seus actos non eran imprescindibles para a comisión do delito e, claramente, están nun plano inferior no cuantitativo e no cualitativo respecto da execución dos feitos. O seu papel non era necesario, senón accesorio; por tanto, estamos ante unha simple cooperadora e, xa que logo, ante unha cómplice do delito conforme ao artigo 29 do Código penal.

Feitos atribuídos a Miguel [REDACTED]

136. Verbo deste acusado, a proba en que se fundan os feitos probados colíxese da entrada e rexistro no seu domicilio, sito no [REDACTED], de [REDACTED] concello de Mos. A acta de tal dilixencia está nos folios 1445 a 1446 e tírase dela que, nunha estancia situada xunto ás escaleiras, se atoparon dous paquetes dunhas substancias que resultaron ser 55,5 gramos de cocaína cunha pureza do 46,18% e 8,092 gramos de paracetamol.

137. Doutra banda, tamén se encontraron no seu vehículo tres envoltorios de plástico que contiñan 2,905 gramos de cocaína e 800 euros, tal e como recollen as fotografías realizadas do rexistro deste automóbil e corroborou no plenario o funcionario [REDACTED]

i. Relación de Miguel [REDACTED] e Miguel [REDACTED]

138. Tírase das diferentes intervencións telefónicas que constan na causa que entre ambos existía unha relación que consistía en que o señor [REDACTED] subministraba ao señor [REDACTED] substancias estupefacientes. Nun primeiro momento, ningún dos dous consta identificado nas escoitas, pero existen varias conversas telefónicas das cales deriva que o señor [REDACTED] o chama o señor [REDACTED] e lle solicita algo que identifican como euros; así, na conversa do día 7 de xullo, ás 12:20 horas, 150 euros; na do 17 de xullo, ás 11:21, 100 euros; noutra conversa (28 de xullo, ás 17:29) falan de “tornillos para el carburador”, “dos bos”; nunha conversa do día 17 de agosto, ás 18:07, falan dun pago de cartos, que faltan 700 de 5000 que o señor [REDACTED] o tiña que pagar, polo que se deduce destas conversas que era o señor [REDACTED] o proveedor de substancias do señor [REDACTED]

139. Ademais, existen outras conversas das cales se infire que Miguel [REDACTED] vendía a terceiros as substancias: así, o día 5 de agosto, ás 11:24 horas, un descoñecido pídelles “dos botellas de esas”; o día 5 de agosto, ás 17:41, unha persoa pídelles “una reserva de esas”; o día 5 de agosto, ás 21:29, ofrécelle o acusado a un

terceiro “la mitad de la pieza” etc. Nas chamadas emprégase novamente unha linguaxe críptica e ocultando identificar o tema da conversa, o que evidencia o seu carácter clandestino.

Feitos atribuídos a José Manuel [REDACTED]

i. Sobre a posesión de drogas e armas

140. Do mesmo xeito que acontece con outros acusados, tamén constan os resultados das intervencións telefónicas realizadas; nelas o señor [REDACTED] chama a José Manuel [REDACTED] e concerta citas con el.

141. No que atinxe a este acusado, a declaración de feitos probados parte do resultado da entrada e rexistro acordada polo auto do 25 de outubro de 2016 e que consta documentada na causa nos folios 1448 a 1452. Conforme ao que se tira deste documento público, no rexistro da vivenda atopáronse distintos obxectos relevantes, que están descritos na declaración de feitos probados: 1) nuns tarros da cociña, 26 billetes de 50 euros, 17 de 20 euros e 26 de 10 euros; 2) a escopeta empregada polo señor [REDACTED] para cometer os feitos descritos (parágrafo 35) nos feitos probados, así como o propio relato deles, do que se dá conta na propia acta (folios 1449 reverso e 1450), e da suspensión da dilixencia por mor da detención, nese momento, do señor [REDACTED], dilixencia que non se retomou ata que chegou o avogado de oficio; 4) no folio 1450 reverso descríbese o achado da droga referida nos feitos probados no soto da casa, onde se encontraron catro paquetes no teito tras retirar unha baldosa, achado que tamén se reflicte nas fotografías do folio 1148; ademais, tamén se reflicte (folio 1451) como se atopou neste soto unha pistola Smith & Wesson; 5) por último, no folio 1451, tamén se recolle na acta como no garaxe anexo se atoparon tres bolsas con cocaína baixo o asento dunha motocicleta e outra bolsa e outros obxectos, entre eles, unha báscula.

Intimidación á comisión xudicial

142. En relación con José Manuel [REDACTED] debemos xustificar, agora, a proba sobre o feito acontecido no seu domicilio, en concreto, o emprego dunha escopeta que estaba agochada nun armario. Este feito deriva, en primeiro lugar, do declarado por este acusado no plenario, quen admitiu que colleu a escopeta por medo (“me asusté”); tamén é coincidente esta admisión de feitos co narrado polos funcionarios que estaban presentes no rexistro. O funcionario [REDACTED] narrou como o señor [REDACTED] “abrió el armario y sacó una escopeta”, como lles apuntou e lles dixo “¿Qué pasa ahora?, ¿ahora quién manda?”, “¡Fuera de aquí!” e tamén “¡Os voy a coser a tiros, me queréis joder!”; tamén declarou esta testemuña que non sabía se a escopeta funcionaba e que foron eles os que a “abriron”. É salientable que tamén a acta redactada pola letrada dá conta deste incidente no folio 1449 reverso da causa. Daquela, entendemos que existe proba abonda deste feito: o señor [REDACTED] colleu a escopeta e intimidou a letrada e os funcionarios que realizaban as súas funcións.

Sobre a inexistencia de licenza de armas e as características destas

143. Consta na causa, folio 2995, o informe redactado polo garda civil [REDACTED], quen declarou no plenario; del tírase que Sofía [REDACTED], Jorge [REDACTED], Miguel [REDACTED] e José Manuel [REDACTED] carecían de licenza de armas.

144. As características das armas e as súas condicións extraíense do informe pericial, ratificado polos funcionarios que o elaboraron, os funcionarios [REDACTED] e [REDACTED] que consta nos folios 2133 e 2165. Do seu texto despréndese que todas as armas funcionaban e tamén o feito da transformación da pistola Röhm (folio 2136) e as características do bolígrafo-pistola (folios 2149 a 2152).

Valoración da droga

145. O valor das substancias indicadas nos feitos probados deriva do informe, tamén ratificado polo seu autor, o funcionario ██████C, no plenario, dos folios 2751 a 2755.

Antecedentes penais de Jorge ██████ e José Manuel ██████

146. Na causa consta, nos folios 2962 e 2973, o testemuño da sentenza ditada o día 20 de xaneiro de 2015 pola que se condenou a Jorge ██████, como autor dun delito de tráfico de drogas, coa pena de 2 anos de prisión, sentenza que foi firme na mesma data; a execución da dita pena foi suspendida por un auto ditado o día 24 de febreiro de 2015. Os feitos desta causa cometéronse durante o ano 2016; é evidente que, nese momento, o ██████ era reincidente, xa que a pena imposta foi suspendida o día 24 de febreiro de 2015 e, de acordo co artigo 136.3 do Código penal daquela, ata o ano 2017 non se podía considerar extinguida a pena, e sería a partir do 24 de febreiro de 2017 cando comezaban a extinguirse os prazos do artigo 136.2.2º do Código penal.

147. En consecuencia, concorre, respecto do señor Jorge ██████, a agravante de reincidencia do artigo 22.8ª do Código penal verbo do delito contra a saúde pública, xa que foi condenado, por sentenza firme, pola comisión dun delito de tráfico de drogas antes da comisión dos feitos desta causa.

148. Verbo do señor ██████, consta nos folios 2951 a 2959 o testemuño da sentenza ditada o día 2 de outubro de 2012 da Sección Segunda da Audiencia Provincial de Pontevedra, sentenza firme na mesma data, que o condenou coa pena de 1 ano e 6 meses de prisión. Consta tamén que a execución desta pena foi suspendida por un auto ditado o día 22 de novembro de 2012. Por tanto, a pena extinguiuse o día 22 de maio de 2014, consonte o artigo 136.3. O prazo para a extinción dos antecedentes penais é de 3 anos (artigo 136.2.2), xa que estamos ante unha pena menos grave, polo que sería no ano 2017 cando serían cancelables os antecedentes. Concorre, tamén, a agravante de reincidencia respecto deste acusado.

Sobre a condición de consumidores dalgúns acusados

149. Debemos considerar acreditado que Miguel [REDACTED] era consumidor de cocaína. No folio 1651 consta o informe forense do cal se tira que consumira de xeito reiterado nos dous meses previos á toma da mostra de pelo, o 28 de outubro de 2016; e tamén, no folio 428 do rolo de sala, existe un documento da Unidade Asistencial de Drogodependencias do Porriño do cal deriva que, desde o ano 2017, segue un tratamento de deshabitación. Daquela, está acreditada tal condición.
150. No que atinxe ao señor [REDACTED] nos folios 403 e seguintes do rolo de sala consta un informe elaborado polo psicólogo señor [REDACTED], do cal se colixe que padece unha dependencia ás drogas, e, ademais, nos folios 408 e seguintes, figura unha serie de informes médicos datados a partir do ano 2018, dos cales se tira que tivo un cadro psicótico no mes de setembro de 2018 (folio 420), e o informe forense do folio 1867 dos autos acredita un consumo de cocaína reiterado nos meses previos á toma da mostra, isto é, nos tres meses anteriores a outubro de 2016. Por conseguinte, entendemos que está probada a condición de consumidor do señor [REDACTED] no momento dos feitos.

Subsunción típica dos feitos e participación

Delito de pertenza a grupo criminal

151. O artigo 570 ter.1 do Código penal di:

Os que constitúan, financien ou integren un grupo criminal serán castigados:

- a) Se a finalidade do grupo for cometer delitos dos mencionados no número 3 do artigo anterior, coa pena de dous a catro anos de prisión cando se trate dun ou máis delitos graves e coa dun a tres anos de prisión cando se trate de delitos menos graves.
- b) Coa pena de seis meses a dous anos de prisión se a finalidade do grupo for cometer calquera outro delito grave.

c) Coa pena de tres meses a un ano de prisión cando se trate de cometer un ou varios delitos menos graves non incluídos na alínea a) ou da perpetración reiterada de delitos leves.

Para os efectos deste código enténdese por grupo criminal a unión de máis de dúas persoas que, sen reuniren algunha ou algunhas das características da organización criminal definida no artigo anterior, teña por finalidade ou por obxecto a perpetración concertada de delitos.

152. A definición de grupo criminal remite, como se extrae do último parágrafo da cita anterior, ao concepto de organización criminal, que se define no artigo 570 bis.1, último parágrafo, do seguinte xeito:

A agrupación formada por máis de dúas persoas con carácter estable ou por tempo indefinido que, de maneira concertada e coordinada, se repartan diversas tarefas ou funcións co fin de cometer delitos.

153. Conforme ao anterior, debemos considerar acreditado que tanto Jorge [REDACTED] como Sofía [REDACTED] e Hermán [REDACTED] integraban un grupo criminal destinado a traficar con drogas. É claro que actuaban de xeito concertado, como o evidencia o feito de que tiñan un horario de traballo, o cal obriga a facer una planificación, e tamén estaban determinados os papeis de cada un deles cunha función subordinada de Hermán [REDACTED] con respecto a Sofía [REDACTED] e Jorge [REDACTED]; aquel actuaba baixo a dirección destes, e é salientable a identificación como autónomo do señor [REDACTED]s realizada por Sofía [REDACTED] a que se fixo referencia máis arriba. Jorge [REDACTED] era a persoa que provía o propio grupo das substancias, como se indicou anteriormente. Non existen motivos para considerar a Lorena [REDACTED] integrante deste grupo, a súa conduta era accesoria e non tiña unha participación directa nin activa, era subsidiaria.

154. Non podemos considerar que o señor [REDACTED] participase neste grupo, a súa función era totalmente allea a el xa que non actuaba concertadamente cos demais integrantes. A súa relación era exclusivamente co señor [REDACTED] era a persoa que lle subministraba a droga, pero non tiña ningunha relación cos anteriores alén de ser o seu provedor de droga.

Delito de tráfico de drogas

155. O artigo 368 do Código penal di:

Os que executen actos de cultivo, elaboración ou tráfico, ou doutro modo promovan, favorezan ou faciliten o consumo ilegal de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicótropas, ou as posúan con aqueles fins, serán castigados coas penas de prisión de tres a seis anos e multa do tanto ao triplo do valor da droga obxecto do delito se se trata de substancias ou produtos que causen grave dano á saúde, e de prisión dun a tres anos e multa do tanto ao duplo nos demais casos.

156. Da lectura da norma tírase que estamos ante un delito de medios abertos cuxa finalidade é promover, favorecer ou facilitar o consumo de drogas. Daquela, os actos executados polos acusados destinados a comerciar coas substancias estupefacientes, contactando con terceiros con que concertaban citas para entregar droga, claramente son actos subsumibles no concepto de tráfico e, ademais, a condición da cocaína como droga que causa grave dano á saúde é indubidable. A cocaína está incluída na lista I da Convención Única de 1961 sobre Estupefacientes e o Tribunal Supremo reiteradamente a ten cualificado como droga que causa grave dano á saúde. Así, o auto do 15 de novembro de 2018 (ROJ: ATS 13396/2018 - ECLI:ES:TS:2018:13396A), no fundamento segundo, lembra:

El Tribunal de instancia subsumió conforme a Derecho los actos por los que los recurrentes fueron condenados en el tipo del artículo 368 párrafo primero, inciso primero, dado que la sustancia estupefaciente entregada por todos los recurrentes y la sustancia a la que se refería el acusado Justo en las conversaciones que mantuvo vía WhatsApp era, en ambos casos, cocaína, respecto de la que hemos dicho de forma reiterada que es "un alcaloide extraído por procedimientos químicos de las hojas de coca que se halla incluida en la Lista I de la Convención Única de Estupefacientes de 1961, y está considerada científicamente como una de las drogas más peligrosas, pues puede generar adicción en cuarenta y ocho horas; produce unos efectos excitantes y hace desaparecer los mecanismos de inhibición psíquica" (STS 1856/2002, de 16 de noviembre, entre otras muchas).

157. O mesmo acontece verbo da heroína, que tamén é unha substancia que causa grave dano á saúde como indica reiterada xurisprudencia (por exemplo, a Sentenza 141/1999).

158. Por conseguinte, debemos considerar que as substancias obxecto de tráfico polos acusados son das que causan grave dano á saúde.

i. Participación

159. A participación dos acusados neste delito non esixe ningunha xustificación especial e debemos consideralos como autores, salvo a Lorena [REDACTED], porque, como se desprende do anterior, os acusados tiñan no seu poder droga que pola súa cantidade excedía da propia para o autoconsumo; e tamén están acreditados os actos de tráfico xa enumerados e realizados por Hermán [REDACTED], Sofía [REDACTED] e Jorge [REDACTED]

160. No caso de Lorena [REDACTED] a súa participación debe considerarse como unha mera auxiliadora e, xa que logo, como cómplice do delito. Como máis arriba se razoou, actuaba nunha escala inferior tanto cualitativa como cuantitativamente desenvolvendo actos de mera cooperación no sentido do artigo 29 do Código penal.

161. Na Sentenza 140/2012, do 17 de febreiro de 2021 (ROJ: STS 616/2021 - ECLI:ES:TS:2021:616), o Tribunal Supremo lembra a súa posición verbo das formas de participación ao dicir:

Este Tribunal ha venido destacando que la redacción que se contiene en el artículo 368 del Código Penal resulta, con carácter general, poco conciliable con la participación en el mismo a título de cooperador necesario y, especialmente, de cómplice. En efecto, los verbos rectores empleados por el legislador, la forma en la que describe las conductas punibles (quienes realicen actos de cultivo, elaboración o tráfico, o de otro modo promuevan, favorezcan o faciliten el consumo ilegal de drogas tóxicas, estupefacientes o sustancias psicotrópicas, o las posean con aquellos fines) deja realmente poco espacio a cualquier intervención distinta que, contribuyendo a lesionar el bien jurídico protegido, no comporte, sin embargo, la personal realización de cualquiera de aquellos actos ejecutivos y merezca ser calificada así como de complicidad.

Así, por exemplo, muy recientemente ha recordado nuestro auto número 43/2020, de 26 de noviembre, que este Tribunal mantiene un criterio restrictivo respecto de las formas accesorias de participación en el delito contra la salud pública, dado los

extensos términos en que el artículo 368 del Código Penal está redactado. De igual modo, la sentencia de esta Sala número 577/2018, de 21 de noviembre, evocando la sentencia número 1276/2009, de 21 de diciembre, decía que: "en el ámbito concreto del delito contra la salud pública de tráfico de drogas, se ha subrayado en las sentencias de esta Sala la dificultad de apreciar tal forma de participación en el delito de tráfico de drogas del artículo 368 del Código Penal, dada la amplitud con la que se describe el tipo penal, en el que prácticamente se viene a utilizar un concepto extensivo de autor. De forma que la complicidad queda reducida a supuestos de contribución de segundo orden no comprendida en ninguna de las modalidades de conducta descritas en el citado precepto, y generalmente incluidas dentro de los supuestos encuadrados en la llamada doctrina del "favorecimiento del favorecedor", con la que se hace referencia a conductas que, sin promover, favorecer o facilitar directamente el consumo ilegal, auxilian a quien ejecuta los verdaderos actos típicos conforme al citado artículo 368 CP (SSTS 93/2005 de 31 de enero; 115/010 de 18 de febrero; 473/2010, de 27 de abril; 1115/2011, de 17 de noviembre y 207/2012, de 12 de marzo)".

Igualmente, nuestra sentencia número 84/2020, de 27 de febrero, subrayando esa misma idea, observa también que respecto de la complicidad en sentido estricto esta Sala la ha apreciado, en casos de auxilio mínimo en los actos relativos al tráfico de drogas, que se vienen incluyendo en la gráfica expresión de "favorecimiento del favorecedor", optando por su aplicación, cuando se trata de supuestos de colaboración de poca relevancia, como ocurre, —explica—, por ejemplo, en caso de tenencia de la droga que se guarda para otro de modo ocasional y de duración instantánea o casi instantánea, o en el hecho de simplemente indicar el lugar donde se vende la droga, o en el solo acompañamiento a ese lugar (STS 1276/2009, de 21 de diciembre).

La enumeración de supuestos contenida en la sentencia que se acaba de citar, como la que aparece en otras (STS nº 312/2007 de 20 de abril, citada por la STS nº 767/2009, de 16 de julio), no tiene, desde luego, carácter exhaustivo. Lo relevante, en todo caso, es que la colaboración o aportación del sujeto al plan delictivo presente escasa relevancia en función de las características de los hechos.

162. Entendemos que o papel da señora ██████ é soamente auxiliador, limitábase a recoller as chamadas dirixidas á súa parella, Hermán ██████s, ou os recados recibidos de Sofía ██████, ou a recoller, nunha ocasión, o que estaba destinado a Hermán ██████. Non consta que entregase droga a terceiros, a súa función era auxiliar, non actuaba como autora, senón como cómplice.

163. No que atinxe aos demais acusados, Miguel ██████, José Manuel ██████, Miguel ██████, Sofía ██████ e Jorge ██████ tiñan no seu poder droga que pola súa cantidade debemos

descartar que estivese destinada ao autoconsumo e, ademais, as conversas a que anteriormente fixemos referencia indican que traficaban con droga: subministrábana a terceiros, xa fosen os propios acusados (como sucede respecto dos señores [REDACTED] e [REDACTED]) xa fosen outras persoas.

164. Respecto de [REDACTED], aínda que non tiña droga no seu poder, as conversacións intervidas, así como os seguimentos realizados, tamén evidencian que traficaba con droga, polo que a súa condición de autor deste delito está acreditada.

Cantidade de notoria importancia

165. No que atinxe a Miguel [REDACTED] e José Manuel [REDACTED] é aplicable o tipo agravado do artigo 369.1.5 do Código penal, que agrava a pena cando as cantidades intervidas sexan de notoria importancia.

166. Xa indicamos anteriormente que no domicilio de Miguel [REDACTED] se atopou cocaína, en concreto, 199,9 gramos cunha pureza do 72,2% (143,678 gramos de cocaína pura), 528,7 gramos cunha pureza do 71,66% (378,866 gramos de cocaína pura), 999,1 gramos cunha pureza do 66% (659,406 gramos de cocaína pura), o que fan un total de 1181,95 gramos de cocaína pura.

167. O señor [REDACTED] posuía catro paquetes de cocaína cun peso de 996,5 gramos e unha pureza do 66,69% (664,565 gramos de cocaína pura), 1002,7 gramos cunha pureza do 71,6% (711,917 gramos de cocaína pura), 1003 gramos cunha pureza do 70,38% (705,911 gramos de cocaína pura) e 999,3 gramos cunha pureza do 70,06% (700,109 gramos de cocaína pura), en total 2782,502 gramos de cocaína pura.

168. Desde o acordo da Sala Segunda do 19 de outubro de 2001 considérase que cantidades superiores aos 750 gramos de cocaína e derivados deben cualificarse

como de “notoria importancia”; daquela, está xustificada a aplicación, respecto destes dous acusados, deste tipo agravado.

Delito de atentado á autoridade

169. Imputouse exclusivamente ao señor [REDACTED] un delito de atentado á autoridade do artigo 550.1 e 2 do Código penal. Esta norma di:

1. Son reos de atentado os que agridan ou, con intimidación grave ou violencia, opoñan resistencia grave á autoridade, aos seus axentes ou funcionarios públicos, ou os acometan, cando se achen no exercicio das funcións dos seus cargos ou con ocasión delas.

En todo caso, consideraranse actos de atentado os cometidos contra os funcionarios docentes ou sanitarios que se achen no exercicio das funcións propias do seu cargo, ou con ocasión delas.

2. Os atentados serán castigados coas penas de prisión dun a catro anos e multa de tres a seis meses se o atentado for contra autoridade e de prisión de seis meses a tres anos nos demais casos.

170. Como se desprende do relato fáctico, o señor [REDACTED] intentou impedir que a comisión xudicial executase o rexistro da súa vivenda collendo, de súpeto, unha escopeta e dirixíndose con frases cominatorias aos presentes no lugar. Estamos, pois, ante un acto que debe ser cualificado como intimidatorio e, ademais, grave dado o obxecto empregado para levar a cabo a intimidación, unha arma, que ten unha potencialidade lesiva moi importante. Tamén está acreditado que o señor [REDACTED] sabía da condición de funcionarios dos axentes da Garda Civil e da letrada da Administración de xustiza presentes no acto: foille notificado ao inicio da dilixencia o auto en que se acordaba o rexistro (folio 1448); e incluso a propia mecánica da actuación xa o puxera en antecedentes porque, antes de acudiren ao lugar os funcionarios que efectuaron o rexistro, estiveron presentes outros funcionarios da Garda Civil (o [REDACTED], que declarou no plenario), identificaron o señor [REDACTED] e esperaron con el a chegada da comisión xudicial. Daquela, claramente o acusado coñecía que estaban realizando

unha investigación xudicial funcionarios habilitados para tal fin e, xa que logo, a súa intención era impedir a execución dese acto.

171. Pero, ademais, a presenza da letrada da Administración de xustiza xustifica a integración dos feitos no tipo cualificado do primeiro inciso do artigo 550.2 citado. En efecto, o artigo 440 da Lei orgánica do poder xudicial di:

Os letrados da Administración de xustiza son funcionarios públicos que constitúen un corpo superior xurídico, único, de carácter nacional, ao servizo da Administración de xustiza, dependente do Ministerio de Xustiza, e que exercen as súas funcións co carácter de autoridade, desempeñando a dirección da oficina xudicial.

172. En consecuencia, estamos ante unha autoridade tal e como esixe o artigo 24 do Código penal, xa que a lei atribúe tal condición aos letrados da Administración de xustiza.

Delito de tenza ilícita de armas

173. A acusación polo delito de tenza ilícita de armas abrangue distintos tipos dos previstos no capítulo V do título XXII do Código penal.

174. Os artigos 563 e 564 do Código penal din:

563. A tenza de armas prohibidas e a daquelas que sexan resultado da modificación substancial das características de fabricación de armas regulamentadas será castigada coa pena de prisión dun a tres anos.

564. 1. A tenza de armas de fogo regulamentadas sen posuír as licenzas ou os permisos necesarios será castigada:

1º. Coa pena de prisión dun a dous anos, se se trata de armas curtas.

2º. Coa pena de prisión de seis meses a un ano, se se trata de armas longas.

2. Os delitos previstos no número anterior castigaranse, respectivamente, coas penas de prisión de dous a tres anos e dun a dous anos, cando concorra algunha das circunstancias seguintes:

1ª. Que as armas carezan de marcas de fábrica ou de número, ou os teñan alterados ou borrados.

2ª. Que fosen introducidas ilegalmente en territorio español.

3ª. Que fosen transformadas, modificando as súas características orixinais.

175. A conduta dos acusados é subsumible en distintos tipos dos previstos na norma citada e, ademais, respecto do señor Amorín da Costa, debe considerarse un delito de tenza de armas prohibidas do artigo 563.

176. En primeiro lugar, no que atinxe a Jorge [REDACTED] e Sofía [REDACTED], ambos tiñan no seu poder dúas armas: unha pistola Röhm modelo RG230, transformada para disparar munición metálica do calibre 22, e un revólver Astra calibre 22 milímetros. A primeira das armas estaba transformada, polo que estamos ante un suposto do artigo 564.2.3ª: como indica a proba pericial, a pistola Röhm fora modificada. A condición de autores de ambos os acusados deriva do feito de que os dous convivían na mesma casa e compartían, xa que logo, a posesión destas armas. Tamén está acreditado que carecían de licenza para a súa posesión.

177. Pola súa banda, Miguel [REDACTED] tiña no seu poder catro armas. Delas, tres foron atopadas no domicilio da avenida de Gondomar (parágrafo 23 dos feitos probados): unha pistola marca Reck, que foi transformada para disparar munición do calibre 6,35 milímetros cando orixinalmente era do calibre de 8 milímetros, e outras dúas armas en perfecto estado de funcionamento.

178. No domicilio do lugar de [REDACTED] do señor [REDACTED] atopouse un bolígrafo-pistola. Esta é unha arma prohibida, xa que é unha arma de fogo aloxada no interior dun obxecto, estamos ante un suposto do artigo 4.1.e) do Regulamento de armas, aprobado polo Real decreto 137/1993, e así o entendeu o Tribunal Supremo na Sentenza 362/2012 do 8 de maio (ROJ: STS 3495/2012 - ECLI:ES:TS:2012:3495), fundamento quinto.

179. Estamos ante un delito que pola súa redacción castiga a tenza de armas, en plural. Daquela, a tenza de dúas ou máis armas integra un só delito; e cando as armas sexan de distinta natureza (manipuladas, transformadas ou prohibidas) debe penarse o delito de maior gravidade.

180. O Tribunal Supremo, na Sentenza 85/2019, do 19 de febreiro (ROJ: STS 594/2019 - ECLI:ES:TS:2019:594), sinala ao respecto:

1.1 En relación al primer submotivo, la doctrina jurisprudencial (sentencias núm. 1234/04, de 28 de octubre y 69/2008, de 4 de febrero) admite que la descripción típica de la conducta que integra el delito de tenencia ilícita de armas no impide que se considere un solo delito la tenencia de más de un arma, determinándose en ese caso la penalidad básica conforme a las características del arma cuya posición esté más gravemente penada y teniendo en cuenta el número de armas como una circunstancia del hecho a los efectos de individualización de la pena. Tal doctrina se resume en la sentencia de esta Sala núm. 1306/2011, de 19 octubre, que pone de manifiesto como efectivamente "la jurisprudencia se ha mostrado partidaria de la absorción argumentando que en estos casos de tenencia ilícita de armas de los artículos 563 y 564.1, se puede no aplicar el artículo 564, dado que existe un delito único, absorbido por la infracción más castigada, que es la del artículo 563, puesto que "única es la desobediencia a las normas administrativas sobre el control de armas de fuego que pone en riesgo la seguridad de la comunidad". También se ha argumentado que "la descripción típica de la conducta que integra el delito de tenencia ilícita de armas no impide que se considere un solo delito de tenencia de más de un arma, determinándose en este caso la finalidad básica conforme a las características del arma cuya posesión esté más gravemente penada y teniendo en cuenta el número de armas como una circunstancia del hecho a los efectos de la individualización de la pena". Lo que sucede es que el número de armas deberá ser inferior a cinco, pues si no lo fuese estaríamos frente a una modalidad delictiva más grave como es el depósito de armas de los artículos 566 y 567, de forma que si sostuviésemos la existencia de tantos delitos como armas la incongruencia con las previsiones legales sería patente, pudiéndose sancionar con mayor pena la tenencia de tres o cuatro armas cortas que el depósito de armas, constituido por más de cinco."

181. En consecuencia, unicamente é posible a condena por un só delito de tenza ilícita de armas, sen que o feito de que as armas estivesen en distintos domicilios afecte á conduta típica, xa que o que se castiga é a tenza independentemente do lugar en que esta se exerza. Daquela, a conduta do señor ██████ debe cualificarse

como un só delito de tenza de armas na modalidade de tenza de armas prohibidas do artigo 563 do Código penal.

182. Por último, José Manuel [REDACTED] posuía unha escopeta da marca Grulla, do calibre 12, con número de identificación 9529, e un revólver marca Smith & Wesson, modelo 36, do calibre .38 Special, con número de identificación J750500, armas para as cales non tiña licenza, polo que estamos ante unha tenza ilícita dunha arma curta e dunha arma longa. A conduta é subsumible nos números 1 e 2 do artigo 564 antes citado.

183. Como sinalamos anteriormente os acusados carecían de licenza de armas, xa que logo, cometeron os delitos referidos.

Circunstancias modificadoras da responsabilidade persoal

184. Como se indicou anteriormente, concorre a agravante de reincidencia do artigo 22.8ª do Código penal respecto de Jorge [REDACTED] e José Manuel [REDACTED] en relación co delito de tráfico de drogas. Daquela, a pena por este delito para estes dous acusados deberá imporse na metade superior da prevista no tipo (artigo 66.1.2ª).

185. Ademais, respecto de Miguel [REDACTED] tamén debe apreciarse a atenuante analóxica de drogadicción do artigo 21.2 e 7 en relación co 20.2º do Código penal, o que motivará que a pena deba imporse na metade inferior do tipo penal.

186. Non podemos apreciar que concorra a atenuante de dilacións indebidas. Os feitos imputados finalizaron no ano 2016 e a fase intermedia iniciouse (auto de continuación de procedemento) o día 12 de xuño de 2018, folio 3039, auto que foi obxecto de recurso; tras a presentación do escrito de conclusións provisionais polo Ministerio Fiscal, ditouse un auto de apertura de xuízo oral o día 30 de novembro de 2018; logo da presentación dos escritos de conclusións polas defensas, as actuacións foron elevadas á Audiencia Provincial o día 14 de xuño de 2019; o xuízo prolongouse, dunha banda, polo cambio de defensa de dous acusados e,

ademais, pola situación de saúde pública sobradamente coñecida. Por outra banda, as partes omitiron nas súas conclusión a identificación dos períodos temporais concretos que fundarían a atenuante de dilacións indebidas.

187. A defensa de Miguel [REDACTED] solicitou tamén que se aprecien as eximentes do artigo 20.1 e 2 e subsidiariamente a atenuante do artigo 21.2, todos eles do Código penal. No escrito de conclusións (folios 3195 e seguintes) omítese calquera tipo de identificación fáctica como presuposto das atenuantes indicadas. En todo caso, como indicamos anteriormente, salvo no que atinxe á súa condición de consumidor, non existen datos que permitan inferir que padecía unha enfermidade mental ou que tivese unha adicción ás drogas que xustifique unha eximente como a solicitada. E non é posible a aplicación dunha atenuante como a solicitada, xa que a súa condena será a título de autor dun delito de tráfico de drogas de notoria importancia, o que impide a aplicación da atenuante indicada. Así o lembra a Sentenza da Sala Segunda do Tribunal Supremo 912/2016, do 1 de decembro (fundamento sexto, último parágrafo) e as que se citan nela.

Penalidade

188. Procede neste momento determinar as penas que deben ser impostas aos acusados polos distintos delitos cometidos. No que atinxe aos delitos de tráfico de drogas, debemos sinalar que non será aplicable a responsabilidade persoal en caso de impago da multa proporcional cando a pena de prisión imposta supere os 5 anos de prisión, tal e como di o artigo 53.3 do Código penal. Ademais, imporáselles a todos os acusados a pena accesoria do artigo 56.1.2º do mesmo texto legal en relación coas penas de prisión.

Sofía [REDACTED] e Jorge [REDACTED]

189. Estas dúas persoas son autoras dun delito de integración en grupo criminal, dun delito de tráfico de drogas na modalidade de substancias que causan grave

dano á saúde e dun delito de tenza ilícita de armas agravado pola manipulación destas.

190. Polo delito de integración en grupo criminal do artigo 570 ter.1.b) a pena susceptible de imporse é de prisión de 6 meses a 2 anos. A petición do Ministerio Fiscal é de 1 ano de prisión para ambos; entendemos que tal pena é axeitada xa que os dous actuaban como líderes ou directores do grupo concertando entregas da droga e tamén adquirindo a droga que posteriormente o propio grupo vendía.
191. Polo delito de tráfico de drogas debemos partir do marco que establece o tipo penal do artigo 368: prisión de 3 a 6 anos e multa do tanto ao triplo do valor da droga. No caso de Jorge [REDACTED] a pena debe imporse na metade superior; daquela, o marco punitivo é de 4 anos, 6 meses e 1 día a 6 anos. Consideramos que para este acusado a pena debe ser de 5 anos e 6 meses de prisión pola reiteración das condutas de tráfico de drogas que máis arriba se enumeraron.
192. Respecto de Sofía [REDACTED] consideramos que a súa conduta, en relación co delito de tráfico de drogas, debe penarse cunha pena de prisión de 4 anos polas mesmas razóns indicadas para o señor [REDACTED]
193. En ambos os casos debe imporse unha pena de multa proporcional de 3000 euros, como solicita o Ministerio Fiscal, tendo en conta o valor da droga que se atopou no exterior do seu domicilio e no domicilio de Goián (2975,34 euros). En caso de impago procederá, conforme ao artigo 53.3 do Código penal, a esixencia dunha responsabilidade persoal de 1 día por cada 100 euros non pagados.
194. Polo delito de tenza ilícita de armas debemos partir de que os dous acusados son autores dun delito de tenza ilícita de armas transformadas do artigo 564.2.1º e 3º do Código penal, que ten un marco punitivo de 2 a 3 anos de prisión. Atendendo ademais ao feito de que, alén da arma transformada, tiñan unha arma curta, entendemos que non é razoable a imposición da pena mínima. Por conseguinte, imporáselles a pena, a cada un, de 2 anos e 6 meses de prisión.

Hermán [REDACTED]

195. O señor Hermán [REDACTED] é autor dun delito de tráfico de drogas que causan grave dano á saúde do artigo 368 do Código penal. Debemos ponderar, neste momento, o feito de que, mentres executaba os feitos polos que aquí foi xulgado, o señor [REDACTED] foi condenado pola comisión dun delito de tráfico de drogas; tal feito coidamos que xustifica unha minoración na carga punitiva e, xa que logo, imporlle a pena mínima prevista no tipo penal: 3 anos de prisión.

196. Non existiu aprehensión de ningún tipo de substancia en posesión do señor [REDACTED]; daquela, non é posible a imposición da pena de multa proporcional. Así se tira da xurisprudencia, como na Sentenza 903/2016, do 30 de novembro (ROJ: STS 5242/2016 - ECLI:ES:TS:2016:5242) e as que cita respecto da ausencia do valor da droga, que consideramos que é totalmente aplicable a un caso como o dos autos, no cal a ausencia non é da valoración, senón do obxecto valorable.

197. Ademais, polo delito de pertenza a grupo criminal procede imporlle a pena de 9 meses de prisión atendendo a que era un subordinado dos outros acusados; e non existen motivos para impor a pena mínima dada a duración da actuación ilícita (varios meses).

Lorena [REDACTED]

198. Como se indicou anteriormente, entendemos que a participación de Lorena [REDACTED] nos feitos consistiu en ser cómplice do delito de tráfico de drogas. En consecuencia, conforme ao artigo 63 do Código penal, procede impor unha pena que estea no grao inferior á prevista para o delito. Como máis arriba indicamos, o tipo penal do delito de tráfico de drogas que causan grave dano á saúde establece unha pena de prisión de 3 a 6 anos e multa proporcional do tanto ao triplo. Daquela, o marco en que nos movemos é prisión de 1 ano, 6 meses e 1 día a 3 anos e multa da metade ao tanto. Dado que a participación da señora [REDACTED] é escasa,

coidamos axeitada a pena de prisión de 1 ano e 9 meses e non procede impor pena de multa polas mesmas razóns indicadas para Hermán [REDACTED]

Miguel [REDACTED]

199. Miguel [REDACTED] é autor de dous delitos: un delito de tráfico de drogas e un delito de tenza ilícita de armas.

200. Con respecto ao primeiro, estamos ante un delito do artigo 368, na modalidade de drogas que causan grave dano á saúde en relación co tipo agravado do artigo 369.1.5ª do Código penal. Tal agravación supón que deban aplicarse as penas de prisión previstas para o tipo básico no grao superior e, ademais, multa do duplo ao cuádruplo da cantidade intervida.

201. Xa indicamos anteriormente as razóns para apreciar a referida agravación, pero a individualización da pena esixe, neste momento, que apreciemos o desvalor da conduta atendendo á cantidade de droga que tiña o señor [REDACTED] no seu poder: 199,9 gramos de cocaína cunha pureza do 72,2%, 528,7 gramos de cocaína cunha pureza do 71,66% e 999,1 gramos de cocaína cunha pureza do 66%, ademais de 341,4 gramos de cocaína cunha pureza do 58,52%. Dado que se excede a cantidade considerada como de notoria importancia, o marco punitivo é de 6 anos e 1 día a 9 anos. Ao mesmo tempo debe aplicarse a atenuante do artigo 21.7 en relación co 21.2, pola drogadicción do acusado, polo que nos movemos nun marco do mínimo indicado ata 7 anos e 6 meses. Entendemos que a pena debe ser a máxima dada a cantidade droga que posuía; por tanto, imporáselle a pena de 7 anos e 6 meses de prisión e multa de 300 000 euros (o valor da substancia é de 210 294,907 euros).

202. Polo delito de tenza ilícita de armas, dado que estamos ante un delito de tenza de armas prohibidas e ademais o señor [REDACTED] posuía outras tres armas, está xustificada a pena de 3 anos solicitada polo Ministerio Fiscal.

Manuel [REDACTED]

203. Respecto de Miguel [REDACTED] debe apreciarse a atenuante de drogadicción e, xa que logo, tendo en conta a cantidade de substancia que tiña no seu poder (55,5 gramos de cocaína cunha pureza do 46,18% e 2,905 gramos da mesma substancia cunha pureza do 45,97%), consideramos proporcionada a pena de prisión de 3 anos e 9 meses e, ademais, unha multa de 5000 euros atendendo ao valor da substancia, que era en total de 3953,71 euros. En caso de impago procederá, conforme ao artigo 53.3 do Código penal, a esixencia dunha responsabilidade persoal de 1 día por cada 100 euros non pagados.

José Manuel [REDACTED]

204. No caso do señor [REDACTED], polo delito de tráfico de drogas que causan grave dano á saúde sendo aplicable o tipo agravado do artigo 369, o marco punitivo é de 6 anos e 1 día a 9 anos. Dado que concorre a agravante de reincidencia, a pena debe imporse na metade superior deste arco, o que xustifica a imposición dunha pena de 9 anos de prisión atendendo á importante cantidade de droga que tiña no seu poder e unha multa proporcional de 300 000 euros.

205. No que atinxe ao delito de atentado, posto que foi cometido empregando unha arma (artigo 551.1º do Código penal), debe imporse a pena superior en grao á prevista no tipo básico, que neste caso é a do número 2 do artigo 550. Daquela, o marco é de 4 anos e 1 día a 6 anos de prisión e multa de 6 a 9 meses. Coidamos proporcionada a pena de 4 anos e 4 meses de prisión e multa de 7 meses, tendo en conta que non foi unha soa persoa a vítima do feito, senón varias. A cota da pena de multa será de 10 euros diarios, suma que está moi próxima ao mínimo legal.

206. Polo delito de tenza ilícita de armas, dado que eran dúas as armas que tiña no seu poder, unha longa e outra curta, conforme ao artigo 564 entendemos que debe impórsele unha pena de 1 ano e 6 meses de prisión.

Comiso

207. O artigo 374 do Código penal establece o seguinte:

Nos delitos previstos no parágrafo segundo do número 1 do artigo 301 e nos artigos 368 a 372, ademais das penas que corresponda impor polo delito cometido, serán obxecto de comiso as drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotropas, os equipamentos, materiais e substancias a que se refire o artigo 371, así como os bens, medios, instrumentos e ganancias con suxeición ao disposto nos artigos 127 a 128 e ás seguintes normas especiais:

1ª. Unha vez firme a sentenza, procederase á destrución das mostras que se apartasen, ou á destrución da totalidade do incautado, no caso de que o órgano xudicial competente ordenase a súa conservación.

2ª. Os bens, medios, instrumentos e ganancias definitivamente comisados por sentenza, que non poderán ser aplicados á satisfacción das responsabilidades civís derivadas do delito nin das custas procesuais, serán adxudicados integramente ao Estado.

208. De acordo con esta norma deben ser obxecto de comiso as drogas e os cartos atopados nos rexistros indicados anteriormente, así como balanzas, muíños e prensas a que se fai referencia na declaración de feitos probados, porque, claramente, estaban destinadas á manipulación da droga, así como as substancias de corte referidas.

209. No que atinxe aos cartos, tamén consideramos que deben ser obxecto de comiso. Lembremos que o Tribunal Supremo indica en relación con isto que non se esixe un estándar probatorio igual ao da condena, xa que estamos ante unha consecuencia accesoria (Sentenza 632/2020, do 23 de novembro, ECLI:ES:TS:2020:4476); e neste caso contamos con indicios abondos para acordalo. Así, consta na causa o informe realizado polo sarxento ██████ en relación cos ingresos e patrimonio dos acusados (folios 1953 e seguintes), do cal se infire a ausencia de ingresos que xustifiquen os bens e cartos que posuían os acusados. Jorge ██████ tiña ao seu nome vehículos cun valor de 5250, 8990 e 16900 euros, na conta bancaria existen ingresos sen xustificar de máis de 7000 euros e no ano 2015 declarou uns ingresos (folio 454) de soamente 2047,42 euros. O mesmo acontece respecto de Sofía ██████ quen tiña ao seu nome catro vehículos e na conta bancaria ao seu nome aparecen ingresos de varios miles de euros inxustificadas.

210. No que atinxe ao señor [REDACTED], o que deriva do devandito informe e da documentación anexa é a ausencia de ingresos que xustifiquen o diñeiro que posuía. E, verbo do señor [REDACTED], os únicos ingresos declarados no ano 2015 foron de 582 euros, o que non pode xustificar o achado de cartos que tiña no seu poder.

211. Por último, verbo dos vehículos non podemos acordar o comiso solicitado. Os vehículos eran empregados para o desprazamento dos acusados pero non eran propiamente un medio de transporte da droga, senón das persoas. Así, na Sentenza 656/2016, do 18 de xullo (ROJ: STS 3789/2016 - ECLI:ES:TS:2016:3789), dise:

DÉCIMO SEGUNDO.- Con igual amparo procesal que el anterior (art. 849.1º L.E.Cr.) en el motivo 8º y último alega el recurrente aplicación indebida del art. 127 y 374 C.P.

1. No resulta procedente en su opinión el comiso del vehículo Mercedes ... XRP propiedad del mismo al no constar en las actuaciones ni en la sentencia que dicho coche se haya empleado específicamente para la comisión del delito contra la salud pública.

Además el vehículo constituye un objeto de lícito comercio y su valor no guarda proporción con la naturaleza y gravedad del hecho delictivo por el que ha sido condenado.

El motivo se aduce con carácter subsidiario respecto de los tres primeros motivos.

Recuerda que tampoco la sentencia motiva la decisión. Así el fundamento jurídico 6º, establece "Comisos": "Procede el comiso de los vehículos incautados por los funcionarios policiales en tanto instrumentos utilizados para la comisión de los delitos aquí enjuiciados".

Al aludir a vehículos de forma genérica entendemos que además de referirse al Mercedes, objeto de recurso, también incluiría el Seat Ibiza, utilizado por la recurrente Bárbara. Mas tal recurrente no aduce nada sobre el particular, porque al parecer no se hallaba a nombre suyo. En cualquier caso el pronunciamiento solo recaerá sobre el concreto objeto de la petición (vehículo marca Mercedes, modelo R 320 y matrícula ... XRP).

2. El motivo debe merecer acogida.

A la vista de la ausencia de motivación o en razón a la motivación escueta o genérica, al calificar el coche de "instrumento utilizado para la comisión de los

delitos enjuiciados", esta Sala debe atenerse a la hora de interpretar el alcance de los arts. 127 y 128 del C. Penal, a la jurisprudencia recaída sobre el particular.

En este sentido cabe citar:

- S.T.S. 850/2012 de 25 de octubre que nos dice: "Solo podrá decretarse cuando se trate de una cantidad tan importante (de droga) que el coche sea un medio imprescindible para el traslado o también en los casos en que disponga de habitáculos, dispositivos o espacios especialmente preparados para el transporte de la sustancia estupefaciente".

- S.T.S. 397/2008 de 1 de julio que: "... no procede el comiso del vehículo cuando el uso para el transporte de la droga fue un elemento accesorio en el modo de comisión y no existe proporcionalidad en la medida".

Dicha sentencia, invocada por la 850/2012, nos sigue diciendo: "... cuando el vehículo no es utilizado de forma insustituible como instrumento para la ejecución del delito y no se trata de una operación de transporte la que es imputada, no usándose aquél como lugar de ocultación de la droga sino como medio normal de transporte y desplazamiento, y la cocaína, por su volumen y peso, es llevada encima por el acusado sin necesitar el auxilio del vehículo, que no tiene habitáculo alguno preparado para su ocultación, lo razonable es entender que el uso del automóvil para el transporte de la sustancia es un elemento accesorio en el modo de comisión del delito. La posesión física de la droga no convierte sin más en instrumento del delito el uso que del coche pueda hacer en cualquier momento el acusado, pues la pudo haber transportado de cualquier otro modo, incluso sin ningún vehículo".

- S.T.S. 1274/2009 de 18 de diciembre: "... el vehículo será instrumento útil o medio para cometer el delito cuando su utilización para este fin sea específico, por obedecer el turismo en cuestión a características o aplicaciones especiales; pero no cuando se utiliza como medio de transporte personal, y no para transportar, almacenar u ocultar la droga (S.T.S. 314/2007 de 25 de abril)".

- Por último la S.T.S. 85/2013 de 4 de febrero reza así: "... no consta que el coche estuviera provisto de cualquier habitáculo, dispositivo o espacio específicamente preparado o adaptado para transportar sustancia estupefaciente. Si bien es cierto que era utilizado por el acusado para realizar sus contactos con otros coimputados y otras personas, no se ha probado que durante ese trasiego portara importantes cantidades de droga ni que escondiera en ningún dispositivo especial del turismo la cocaína distribuida".

Custas

212. De acordo cos artigos 240 da Lei de axuízamento criminal e 123 do Código penal deben imporse as custas aos acusados.

DECIDIMOS

Que condenamos a **Jorge** [REDACTED], como autor dun delito de integración en grupo criminal do artigo 570 ter.1.b) do Código penal, coas seguintes penas:

1. Un ano de prisión e accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo polo mesmo tempo.

Que condenamos a **Jorge** [REDACTED], como autor dun delito de tráfico de drogas do artigo 368 do Código penal, na modalidade de substancias que causan grave dano á saúde, concorrendo a agravante de reincidencia do artigo 22.8º do Código penal, coas seguintes penas:

1. Prisión de 5 anos e 6 meses e accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo polo mesmo tempo.
2. Multa proporcional de 3000 euros, multa que deberá pagar nos dez primeiros días do mes seguinte á data en que acade firmeza esta sentenza.

Que condenamos a **Jorge** [REDACTED], como autor dun delito de tenza ilícita de armas do artigo 564.2.1º e 3º do Código penal (tenza de armas modificadas), coas seguintes penas:

1. Prisión de 2 anos e 6 meses e accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo polo mesmo tempo.

Que condenamos a **Sofía** [REDACTED], como autora dun delito de integración en grupo criminal do artigo 570 ter.1.b) do Código penal, coas seguintes penas:

1. Un ano de prisión e accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo polo mesmo tempo.

Que condenamos a **Sofía** [REDACTED], como autora dun delito de tráfico de drogas do artigo 368 do Código penal, na modalidade de substancias que causan grave dano á saúde, coas seguintes penas:

1. Prisión de 4 anos e accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo polo mesmo tempo.
2. Multa proporcional de 3000 euros, multa que deberá pagar nos dez primeiros días do mes seguinte á data en que acade firmeza esta sentenza, con responsabilidade persoal de 1 día por cada 100 euros non pagados.

Que condenamos a **Sofía** [REDACTED], como autora dun delito de tenza ilícita de armas do artigo 564.2.1º e 3º do Código penal (tenza de armas modificadas), coas seguintes penas:

1. Prisión de 2 anos e 6 meses e accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo polo mesmo tempo.

Que condenamos a **Hermán** [REDACTED], como autor dun delito de tráfico de drogas do artigo 368 do Código penal, na modalidade de substancias que causan grave dano á saúde, coas seguintes penas:

1. Prisión de 3 anos e accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo polo mesmo tempo.

Que condenamos a **Hermán** [REDACTED], como autor dun delito de integración en grupo criminal do artigo 570 ter.1.b), do Código penal coas seguintes penas:

1. Prisión de 9 meses e accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo polo mesmo tempo.

Que condenamos a **Lorena** [REDACTED], como cómplice dun delito de tráfico de drogas do artigo 368, na modalidade de drogas que causan grave dano á saúde, coas seguintes penas:

1. Prisión de 1 ano e 9 meses e accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo polo mesmo tempo.

Que condenamos a **Miguel** [REDACTED], como autor dun delito de tráfico de drogas que causan grave dano á saúde agravado pola notoria importancia dos artigos 368 e 369.1.5º, coas seguintes penas:

1. Prisión de 7 anos e 6 meses e accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo polo mesmo tempo.
2. Multa proporcional de 300 000 euros.

Que condenamos a **Miguel** [REDACTED], como autor dun delito de tenza ilícita de armas dos artigos 563 e 564.2.1º e 3º do Código penal, condenándoo conforme ao artigo 8 do Código penal, coas seguintes penas:

1. Prisión de 3 anos e accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo polo mesmo tempo.

Que condenamos a **Miguel** [REDACTED] como autor dun delito de tráfico de drogas do artigo 368 do Código penal, na modalidade de substancias que causan grave dano á saúde, concorrendo a atenuante de drogadicción do artigo 21.2, coas seguintes penas:

1. Prisión de 3 anos e 9 meses e accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo polo mesmo tempo.
2. Multa proporcional de 5000 euros, multa que deberá pagar nos dez primeiros días do mes seguinte á data en que acade firmeza esta sentenza, con responsabilidade persoal de 1 día por cada 100 euros non pagados.



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

Que condenamos a **José Manuel** [REDACTED], como autor dun delito de tráfico de drogas que causan grave dano á saúde agravado pola notoria importancia dos artigos 368 e 369.1.5º, e concorrendo a agravante de reincidencia do artigo 22.8ª do Código penal, coas seguintes penas:

1. Prisión de 9 anos e accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo polo mesmo tempo.
2. Multa proporcional de 300 000 euros.

Que condenamos a **José Manuel** [REDACTED], como autor dun delito de tenza ilícita de armas do artigo 564.1.1º e 2º do Código penal, coas seguintes penas:

1. Prisión de 1 ano e 6 meses e accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo polo mesmo tempo.

Que condenamos a **José Manuel** [REDACTED], como autor dun delito de atentado do artigo 550.1 e 2 (atentado sobre autoridade), coas seguintes penas:

1. Prisión de 4 anos e 4 meses e accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo polo mesmo tempo.
2. Multa de 7 meses cunha cota de 10 euros diarios (2100 euros), que pagará nos dez primeiros días do mes seguinte á firmeza desta sentenza, con responsabilidade persoal en caso de impago.

Acordamos o comiso dos seguintes bens: as substancias intervidas, as prensas e muíños, os teléfonos móbiles, así como os cartos que tiñan no seu poder os acusados, que se describen na declaración de feitos probados.

Notifíquese esta sentenza ás partes indicándolles que é susceptible de **recurso de apelación** para ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no **prazo de 10 días** desde a súa notificación.

Así, por esta sentencia, o mandamos e asinamos.

La difusión del texto de esta resolución a partes no interesadas en el proceso en el que ha sido dictada sólo podrá llevarse a cabo previa disociación de los datos de carácter personal que los mismos contuvieran y con pleno respeto al derecho a la intimidad, a los derechos de las personas que requieran un especial deber de tutelar o a la garantía del anonimato de las víctimas o perjudicados, cuando proceda.

Los datos personales incluidos en esta resolución no podrán ser cedidos, ni comunicados con fines contrarios a las leyes.